

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, SUXEITA A REGULACIÓN HARMONIZADA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DA SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE ALMACENAMENTO EN REDE, COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DA CONCESIÓN DE AXUDAS A INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO CIENTÍFICO-TÉCNICO DO SUBPROGRAMA ESTATAL DE INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS E TÉCNICAS (EXPEDIENTE 1/2017)**

**FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS**

**A. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, MESA DE CONTRATACIÓN E ÓRGANO TÉCNICO DE ASISTENCIA**

O **órgano de contratación** é o Padroado da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia – CIF G15852981, con domicilio no Edificio CESGA do Campus Vida, Avenida de Vigo, s/n. 15705 Santiago de Compostela (A Coruña).

Contacto administrativo: Rosa Fernández Acevedo, Técnico Superior Xestión Administración Fundación CESGA. Teléfono: 981 569810 – Fax 981594616 – E-mail: [rosa@cesga.es](mailto:rosa@cesga.es).

Contacto técnico: Ignacio López Cabido, Subdirector Técnico Fundación CESGA. Teléfono: 981 569810 – Fax 981594616 – E-mail: [nlopez@cesga.es](mailto:nlopez@cesga.es).

O órgano de contratación estará asistido, para a adxudicación do contrato, por unha **Mesa de Contratación** que estará formada por:

- Un Presidente, cargo que ostentará D. Javier García Tobío na súa condición de Director Xerente do CESGA
- Un Secretario, cargo que ostentará Dna. Rosa Fernández Acevedo, na súa condición de Técnico Superior de Administración do CESGA.
- Vogal, Asesor Xurídico, cargo que ostentará Guillermo Tato González. Suplente D. Manuel Fuertes Carballeira
- Vogal, D. José Ignacio López Cabido, na súa condición de Subdirector Técnico do CESGA.
- Vogal, Carlos Fernández Sánchez, Administrador do Área de Sistemas do CESGA.
- Vogal, Andrés Gómez Tato, Administrador da Área de Aplicacións do CESGA
- Vogais suplentes: Natalia Costas Lago, Técnico Superior do Área de Comunicacións do CESGA  
Javier Cacheiro López, Técnico Superior da Área de Sistemas do CESGA.  
Juan Villasuso Barreiro, Técnico Superior do Área de Comunicacións do CESGA

No caso de ausencia de calquera dos seus membros, o órgano de contratación nomeará a quen os deba substituír.

En canto ao réxime de convocatoria e funcionamento da Mesa de Contratación estarase ao disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, con respecto aos órganos colexiados.

**B. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN**

A adxudicación realizarase a través do sistema de **procedemento aberto**, ao abeiro do previsto nos artigos 157 ao 161 do TRLCSP.

Esta contratación **está suxeita a regulación harmonizada**.

A tramitación do expediente de contratación será **ordinaria**

Os gastos que orixine a publicación, por unha soa vez, dos anuncios da presente contratación, nos correspondentes boletíns oficiais serán de conta do adxudicatario do contrato, sen que poida imputarse á Administración contratante

ningún pagamento por tal concepto. No suposto de existir varios adxudicatarios, os gastos por este concepto serán distribuídos en proporción á contía de licitación do lote adxudicado a cada un.

Toda a información relativa á tramitación estará accesible aos licitadores a través do perfil do contratante da Xunta de Galicia (<http://www.contratosdegalicia.es/>), e no perfil do contratante do CESGA ([https://www.cesga.es/es/Licitaciones/Informacion\\_utilidade](https://www.cesga.es/es/Licitaciones/Informacion_utilidade)).

### C. OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADES A SATISFACER

Obxecto do contrato: O obxecto deste investimento é a subministración e instalación de equipamentos destinados á prestación de servizos de almacenamento en rede que serán compartidos por as diferentes infraestruturas de computación xa existentes no CESGA entre as que se atopan os supercomputadores Finis Terrae II e SVG, as infraestruturas de Cloud, Bigdata e visualización, entre outras. Este equipamento integrarase no Centro de Supercomputación de Galicia. Estes equipos están a ser usados por unha ampla comunidade de usuarios que cobre múltiples áreas científicas e técnicas.

O contrato deberá incluír:

- Adecuación da sala do CESGA para aloxar o novo sistema.
- Subministro e instalación dun sistema de Almacenamento en rede, así como das ferramentas necesarias para a súa correcta monitorización e xestión.
- Formación a persoal do CESGA sobre o uso do novo equipamento
- Garantía de funcionamento
- Entrega de documentación sobre o novos sistema
- Outras melloras, se as houbera

Necesidades a satisfacer:

O equipo e necesario para incrementar a capacidade e o rendemento dos sistemas de almacenamento do CESGA existentes, ante o incremento nos requirimentos dos proxectos dos usuarios das diferentes infraestruturas de cálculo do CESGA.

Nomenclatura:

- CPA-2008: 26.20 - Ordenadores e equipos periféricos.
- CPV 30234100-9 Discos magnéticos

### D. NÚMERO DE LOTES

A contratación non está dividida en lotes.

### E. VARIANTES

A contratación non admite variantes.

### F. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do presente contrato será de 45 días a contar a partir da data de formalización do contrato, e sen prexuízo da realización das actuacións derivadas da entrega, que se estenderán durante o prazo de garantía.

Lugar de entrega: A entrega efectuarase no Edificio CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 Santiago de Compostela.

## G. VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO DE LICITACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O valor estimado é de 413.223,14 € (catrocentos trece mil douscentos vinte e tres euros con catorce céntimos), IVE excluído.

O orzamento máximo autorizado é de 413.223,14 € (catrocentos trece mil douscentos vinte e tres euros con catorce céntimos), máis 86.776,86 € (oitenta e seis mil setecentos setenta e seis euros con oitenta e seis céntimos) correspondentes ao IVE (21%), o que supón un orzamento total do expediente de gasto de 500.000,00 € (CINCO CENTOS MIL EUROS), correspondentes a anualidade 2017.

A formulación da proposta económica ten carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración e impostos que se devenguen por razón do contrato.

En relación co Imposto sobre o Valor Engadido, terase en conta que na oferta do licitador deberá indicarse como partida independente de conformidade co establecido no artigo 145.5 do TRLCSP.

O gasto consígnase na conta contable 217 dos presupostos da Fundación CESGA aprobados para o exercicio 2017, para o que existe crédito suficiente e axeitado

A Axencia Galega da Innovación (GAIN) da Xunta de Galicia, cofinanciará o contrato mediante transferencia de capital, con cargo á aplicación orzamentaria 09A3561A-743.05, do orzamento de capital deste órgano para o ano 2017.

Este contrato finánciase nun 80 % co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco de concesión de axudas a Infraestruturas e equipamento científico-técnico do Subprograma Estatal de Infraestruturas científicas e técnicas, concedidas ao CESGA. Os proxectos cofinanciados con FEDER deberán respectar as disposicións do Tratado da Unión Europea e os actos fixados en virtude do mesmo, e en particular o disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello (Regulamento de Disposicións Comúns), o Regulamento (UE) nº 1301/2013, sobre o FEDER, e a súa normativa de desenvolvemento. Concretamente, deberán respectarse as esixencias de información e publicidade reguladas no apartado 2.2 do Anexo XII do citado regulamento (UE) nº 1303/2013, que inclúe a obriga de colocar un cartel con información sobre o proxecto nos termos previstos no apartado 2.2 do anexo XII e coas características técnicas previstas nos artigos 3 a 5 del Regulamento de Execución (UE) 821/2014 da Comisión.

## H. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

O prezo do contrato fíxase a tanto alzado consultando o prezo de mercado para subministros similares e comprende a totalidade dos gastos que teña que facer o adxudicatario para a realización do traballo obxecto da contratación, ata a súa recepción polo CESGA, incluso a parte correspondente aos seus gastos xerais e beneficios. Polo tanto, o sistema de determinación do prezo, a efectos do seu abono ao contratista, é o de tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 87 do TRLCSP.

## I. GARANTÍA PROVISIONAL

Para acudir a este procedemento de contratación deberase acreditar a constitución previa dunha garantía provisional, por calquera das formas establecidas no artigo 17.1 das Instrucións de Contratación da Fundación CESGA e por importe equivalente ao 3 por 100 do presuposto de licitación, sen inclusión do IVA.

Esíxese esta garantía xa que tendo en conta o criterio empregado para a valoración económica, potencialmente as ofertas presentadas poden incorrer en baixa temeraria e polo tanto retirarse antes do proceso de adxudicación, polo que coa mesma asegúrase o mantemento da oferta ata a adxudicación do contrato.

## J. GARANTÍA DEFINITIVA

De conformidade co establecido no artigo 95 do TRLCSP, constituirase unha garantía definitiva por contía do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

## K. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os aspectos obxecto de avaliación son os seguintes:

### CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS (SOBRE B) (50puntos)

O licitador deberá acadar unha puntuación mínima de 20 puntos no conxunto de criterios non avaliados mediante fórmulas matemáticas (Sobre B,) dos cales a lo menos 10 deben ser acadados nos criterios de rendemento e 6 deben ser acadados no criterio de calidade tecnolóxica. De non ser así quedará excluída da avaliación dos criterios avaliados mediante fórmulas matemáticas (Sobre C).

Craterios NON avaliados automaticamente	PUNTUACIÓN
<b>Prestacións da Zona de Rendemento</b> Valórase un conxunto de características que permitan estimar o rendemento do sistema no contorno de produción para a <b>zona de rendemento</b> , tendo en conta o <b>ancho de banda agregado máximo</b> e o <b>número de operacións de entrada/saída por segundo (IOPS)</b> que se poden obter de esta zona e analizando o número de características dos discos e memorias, a súa velocidade, a inclusión de memorias ou <b>discos SSD</b> , o número de controladoras e servidores que permitan a paralelización dos servizos, as características do software, os protocolos soportados, etc. Tamén serán tidos en conta os resultados de rendemento en ancho de banda e operacións por segundo ante probas estándar na medida que estes sexan aportados e comprometidos polo licitador.	22
<b>Prestacións da Zona de Capacidade</b> Valórase un conxunto de características que permitan estimar o rendemento do sistema no contorno de produción para a <b>zona de capacidade</b> , tendo en conta o <b>ancho de banda agregado máximo</b> e o <b>número de operacións de entrada/saída por segundo (IOPS)</b> que se poden obter de esta zona e analizando o número de características dos discos e memorias, a súa velocidade, a inclusión de memorias ou <b>discos SSD</b> , o número de controladoras e servidores que permitan a paralelización dos servizos, as características do software, os protocolos soportados, etc. Tamén serán tidos en conta os resultados de rendemento en ancho de banda e operacións por segundo ante probas estándar na medida que estes sexan aportados e comprometidos polo licitador.	10

<p><b>Calidade Tecnolóxica</b></p> <p>Valorase a calidade tecnolóxica da solución proporcionada e a súa capacidade para proporcionar un servizo óptimo no contorno de servizos do CESGA. O obxectivo último é dispor dunha <b>solución fiable</b> e <b>versátil</b> que poida garantir a continuidade do servizo minimizando o número de avarías ou intervencións de administración que produzan cortes ou degradacións do rendemento do mesmo, tanto no para tarefas rutinarias de administración como para implementar cambios nas configuracións ou actualizacións software ou firmware.</p> <p>Avaliaranse aspectos como a arquitectura hardware do sistema, a arquitectura do sistema de ficheiros, os protocolos soportados, o tipo e número de nodos servidores, a arquitectura do nodo, o nivel de redundancia dos nodos, controladoras de discos, os niveis de RAID existentes, a degradación do sistema en casos de reconstrución o actualización do sistema, a flexibilidade e integración dos contornos de capacidade e rendemento, etc.</p>	12
<p><b>Capacidades e facilidade de Xestión</b></p> <p>Valorase aqueles aspectos que contribúan a facilitar a implementación de configuracións adaptadas aos diferentes requirimentos que xurdan nos proxectos do CESGA durante a vida do equipamento. Teranse en conta as ferramentas de xestión incluídas, tanto polas súas capacidades como pola súa facilidade de uso, as capacidades de expansión, a existencia de un contorno escalable e homoxéneo.</p>	4
<p><b>Eficiencia enerxética</b></p> <p>Valorase o conxunto de características que contribúan á eficiencia enerxética do sistema, tendo en conta tanto o consumo total da solución en relación coas prestacións ofrecidas en capacidade total e rendemento, así como todas aquelas funcionalidades que permitan diminuír o consumo enerxético da solución ofertada ben sexa polo seu consumo eléctrico directo como polo inducido para a súa integración no CPD do CESGA.</p>	2
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>

**CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS (SOBRE C) (50 puntos)**

Craterios avaliados automaticamente	PUNTUACIÓN
<p><b>Prezo</b></p> $V_i = P_{max} * (O_{max} - O_i) / O_{max}$ <p>Onde:</p> <p><math>V_i</math> = Puntuación da oferta presentada</p> <p><math>P_{max}</math> = 40</p> <p><math>O_i</math> = Prezo total da solución ofertada dividida entre o produto entre o número de PBs netos e o ancho de banda máximo en GBs para a oferta "i"</p> <p><math>O_{max}</math> = valor de <math>O_i</math> máximo entre tódalas ofertas admitidas.</p>	40
<p><b>Garantía incluída na oferta</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 0 puntos si a garantía incluída na oferta é a mínima esixida</li> <li>• 5 puntos por cada ano adicional de garantía incluída na oferta nas condicións esixidas ata un máximo de 2 anos adicionais</li> </ul>	10
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>

Considerase, en principio, como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición económica cunha porcentaxe que exceda en 10 unidades, polo menos, a media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións presentadas.

Cando se identifique unha proposición económica que poida ser considerada desproporcionada ou anormal deberá darse audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección de emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

## L. PRAZO DE GARANTÍA

O adxudicatario estará obrigado a prestar un servizo de garantía **dun mínimo de 5 anos** para todos os activos obxecto do presente procedemento de contratación.

A data de inicio do servizo de garantía comezará a partir da data de aceptación da instalación do equipamento, segundo o criterio establecido no punto 4 do Prego de Prescricións Técnicas.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos, a Administración terá dereito a reclamar ao contratista a emenda destes, segundo o artigo 298 do TRLCSP.

## M. FORMA DE PAGAMENTO

O pago do prezo do contrato realizarase na forma que a continuación se detalla:

- O pago realizarase, unha vez se teña certificado polo responsable do proxecto da Fundación CESGA o cumprimento das accións establecidas no contrato e recepción de factura do adxudicatario na Fundación CESGA.

De acordo co establecido no Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dela dependentes, na Orde do 12 de febreiro de 2010 pola que se regulan os procedementos do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia, e tendo en conta a Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regula o Punto xeral de entrada de facturas electrónica e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia, as facturas emitidas polo adxudicatario presentaranse a través do Sistema Electrónico de Facturación (SEF), (dispoñible no enderezo electrónico: [www.conselleriadefacenda.es/factura](http://www.conselleriadefacenda.es/factura)) tras a certificación de conformidade por parte do órgano competente coas estipulacións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como nas condicións descritas na proposta presentada polo adxudicatario.

Por outra banda, e de acordo co disposto na Disposición Adicional trixésimo terceira do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, nas facturas deberá de constar a identificación do órgano de contratación (Fundación CESGA), e o destinatario (Fundación CESGA).

## N. SOLVENCIA

As empresas deberán acreditar a súa solvencia, de conformidade co disposto a continuación:

A solvencia **económica e financeira**. De conformidade co disposto no artigo 75.1 letra a) do TRLCSP, acreditarase do seguinte xeito:

- Volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato. O licitador acreditará o volume anual de negocios dos tres últimos exercicios (2014, 2015 e 2016) por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito no dito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro mercantil acreditarán a súa cifra anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Reputarase solvente o licitador que acredite ter en cada un dos tres últimos exercicios un volume de negocios, igual ou superior ao orzamento de licitación multiplicado por 1,5, IVE incluído, (isto, é 750.000 €).

**Solvencia técnica**. De conformidade co disposto no artigo 77.1 letra a) do TRLCSP, acreditarase polos seguintes medios:

- Unha relación, selada e asinada, das principais subministracións, de igual ou similar natureza á do obxecto do contrato, realizadas nos últimos 5 anos que inclúa o seu importe, as datas e o destinatario, público ou privado, deles.

Para o cálculo do citado período de cinco últimos anos, tomarase como referencia de fin de devandito período o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos das subministracións relacionadas para os efectos da valoración da súa relación ou non co correspondente á contratación.

As ditas subministracións acreditaranse ademais e, necesaria e exclusivamente, do seguinte xeito xuntando á relación a seguinte documentación, segundo cal sexa o seu destinatario:

- Se foi unha entidade do sector público, mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente (é dicir, o órgano de contratación).
- Se foi un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou a falta desta certificación, mediante unha declaración do licitador.

Considerarase solvente o licitador que acredite realizar polo menos 4 subministros (efectuados durante os cinco últimos anos) de contido análogo do que é obxecto a presente licitación, e por un importe cada un dos subministros, igual ou superior ao do presuposto de licitación.

## O. OPCIONS CONTRACTUAIS QUE SE RESERVA A ADMINISTRACIÓN

Non hai

## P. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS

Non hai

## Q. PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

O prazo de presentación de proposicións será o sinalado na publicación oficial onde se publique a celebración da contratación:

- No perfil do contratante da páxina web da Fundación CESGA

[https://www.cesga.es/es/Licitaciones/Informacion\\_utilidade](https://www.cesga.es/es/Licitaciones/Informacion_utilidade)

- Na Plataforma de contratación da Xunta de Galicia, nos enderezos de internet <http://www.contratosdeg Galicia.es> ou ben <http://xunta.es/contratacion/consulta.jsp> onde poderán descargar en formato PDF estes pregos de cláusulas administrativas particulares así como os pregos de prescricións técnicas.

Os licitadores interesados en tomar parte nesta contratación deberán presentar a documentación necesaria no Edificio do CESGA (sito na Avenida de Vigo, s/n, do Campus Vida de Santiago de Compostela), en horas de oficina.

Non obstante o disposto no punto anterior, os licitadores poderán enviar as súas propostas por correo, de acordo co establecido na cláusula 11 deste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.


O contido do sobre B das propostas será obrigatoriamente presentado tanto en formato tradicional, en papel, como en formato electrónico, utilizando para iso o formato PDF (ISO 19005), e contando o medio de almacenamento no que se inclúan os arquivos (CD, DVD, PenDrive USB, etc.-non se admite disquete-) cunha estrutura autoexplicativa de carpetas no caso de que a oferta estea contida en máis dun arquivo electrónico.

## R. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS

Non se establecen outras obrigacións específicas para o contratista mais alá das xa establecidas nos pregos de condicións e prescricións técnicas que rexen esta contratación.

**De conformidade co establecido no artigo 115 do TRLCSP, o órgano de contratación acorda aprobar a presente folla de especificacións.**

Santiago de Compostela, a 29 de maio de 2017

  
Javier García Tobío  
Director Xerente Fundación CESGA



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, SUXEITA A REGULACIÓN HARMONIZADA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DA SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE ALMACENAMENTO EN REDE, COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DA CONCESIÓN DE AXUDAS A INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO CIENTÍFICO-TÉCNICO DO SUBPROGRAMA ESTATAL DE INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS E TÉCNICAS (EXPEDIENTE 1/2017)**

**DISPOSICIÓN XERAIS**

**1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

- 1.1. O órgano de contratación, é o indicado no apartado A da folia de especificacións.
- 1.2. O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

**2. OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto do contrato e as necesidades a satisfacer son as establecidas no apartado C da folia de especificacións.

A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ás prescricións técnicas anexas que teñen carácter contractual.

De acordo co establecido no Regulamento (CE) núm. 451/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril, a clasificación de produtos por actividades (CPA) é a sinalada no apartado C da folia de especificacións.

Ademais, tamén consta no citado apartado a codificación correspondente á nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea, establecido no Regulamento (CE) nº 213/2008, de 28 de novembro de 2007, que modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario Común de Contratos (CPV).

**3. NATUREZA XURÍDICA, PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN, RÉXIME DE RECURSOS E XURISDICIÓN COMPETENTE**

**3.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

A contratación a realizar tipifícase como contrato de subministro, de conformidade co establecido no artigo 9 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, quedando sometida a dita Lei, así como ao Real Decreto 773/2015, de modificación parcial do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, en tanto continúe vixente, e ao Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ou ás normas regulamentarias que os substitúan (en adiante normativa de desenvolvemento do TRLCSP), na Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e nas demais normas e disposicións de igual ou inferior rango que modifiquen ou complementen as anteriores e que sexan de aplicación, e ás cláusulas contidas no presente Prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, será de aplicación a Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública 2014/24 UE de, 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública en tódolos artigos que teñan efecto directo.

O órgano de contratación ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista a súa impugnación ante a Xurisdición competente.

En caso de discrepancia entre o presente prego e o prego de prescricións técnicas ou calquera outro documento contractual, prevalecerá o presente prego.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte deste, non exime ao contratista do deber do seu cumprimento.

No suposto de cofinanciación con fondos europeos, este contrato deberá someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude do mesmo, e será coherente cas actividades, políticas e prioridades comunitarias en pro dun desenvolvemento sostible e mellora do medio ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 del Consello.

Estando prevista a financiación do contrato con cargo a fondos comunitarios quedará suxeito á normativa comunitaria, nacional e autonómica que resulte aplicable ás operacións cofinanciadas con dito fondo. En particular, deberán respectarse as disposicións pertinentes do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Na letra B.4 do cadro de características do contrato sinalarase o fondo e Regulamento de aplicación.

O contrato terá carácter privado. De acordo coa TRLCSP a contratación rexerese en canto á súa preparación e adxudicación, polas normas de dereito administrativo e polos presentes pregos. Supletoriamente, rexerese polas normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción, o contrato rexerese polo dereito privado.

A este contrato aplícase o réxime de invalidez establecido nos artigos 31 e seguintes da TRLCSP.

A cuestión de nulidade prevista para os supostos recollidos no artigo 37 da TRLCSP poderá incoarse ante o órgano de contratación en tanto a Comunidade Autónoma de Galicia non regule quen será o órgano competente especializado para a resolución da mesma e dos recursos especiais en materia de contratación a que se refire o artigo 41 da TRLCSP. A súa tramitación axustarase ao disposto nos artigos 44 e ss. da TRLCSP.

A interposición da cuestión de nulidade non producirá efectos suspensivos de ningunha clase por se mesma. As resolucións ditadas nestes procedementos serán susceptibles de recurso contencioso-administrativo.

### **3.2. RECURSOS, MEDIDAS PROVISIONAIS E RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN.**

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos deste, serán resoltas polo órgano de contratación.

Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación previo á interposición do contencioso-administrativo, os actos relacionados no apartado 2 do artigo 40 do TRLCSP cando se refiran aos seguintes tipos de contratos que pretendan concertar as Administracións Públicas e as entidades que ostenten a condición de poderes adxudicadores cuxo valor estimado sexa igual ou superior aos límites fixados nas letras b) e c) do artigo 4 da Directiva 2014/24/UE, sempre e cando non estean expresamente excluídos pola Directiva do seu ámbito obxectivo de aplicación en virtude dos artigos 7 a 17.

Serán tamén susceptibles deste recurso os contratos subvencionados a que se refire o artigo 17 del TRLCSP.

Poderán ser obxecto do recurso os seguintes actos:

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- c) Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.
- d) Os acordos de modificación contractual nos supostos previstos no artigo 72.1 a) da Directiva 2014/24 UE.

Non se dará este recurso en relación cos procedementos de adxudicación que se sigan polo trámite de emerxencia regulado no artigo 113 del TRLCSP.

O recurso especial en materia de contratación é potestativo, podendo acudirse alternativamente á vía contencioso-administrativa.

Non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios contra os actos enumerados neste apartado.

A tramitación do recurso especial en materia de contratación levarase a cabo conforme co disposto no artigo 42 e seguintes do TRLCSP. No suposto de que resulte necesario solicitar a emenda de defectos que poidan afectar ao escrito de recurso, requirirase ao interesado mediante fax a fin de que, nun prazo de 3 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos.

En virtude do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencias de recursos contractuais subscrito o 7 de novembro de 2013 e de conformidade co artigo 41.3 do TRLCSP, será competente para a resolución do recurso especial en materia de contratación o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC), con sede na Avenida General Perón, 38; 28020 Madrid (<http://tribunalcontratos.gob.es>). De non interpoñerse recurso especial contra os actos mencionados, poderán impugnarse directamente na xurisdición contencioso-administrativa.

### **3.3. XURISDICIÓN COMPETENTE**

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación do contrato ao estar suxeito a unha regulación harmonizada.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato. A competencia territorial para o coñecemento e resolución das cuestións litixiosas que puidesen xurdir en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato corresponderá aos Órganos Xurisdicionais con sé na Comunidade Autónoma de Galicia e, en concreto, na cidade de Santiago de Compostela, polo que se entende que o adxudicatario renuncia ao seu propio foro en caso do que fose distinto do anterior.

## **4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

**4.1.** Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do TRLCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP. Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea esta-

rase ao disposto nos artigos 58, 66.1, 72.2, 73.2 e 84 do TRLCSP e no artigo 9 do RXLCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato, así como o informe de reciprocidade á que se refire o artigo 55, 72.3 do TRLCSP e no artigo 10 do RXLCAP.

**4.2.** Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores ou candidatos deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica a través dos medios de xustificación que, ao amparo dos artigos 62, 75 e 77 do TRLCSP establece no apartado N da folla de especificacións.

Así mesmo, os licitadores ou candidatos deberán presentar declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, de conformidade co establecido no artigo 60 do TRLCSP. E deberán presentar un compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato aos que se refire o artigo 64.2 do TRLCSP.

**4.3.** Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que houberen participado na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrencia ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras ou candidatas.

**4.4.** As unións temporais de empresarios, estarase ao disposto no artigo 59 do TRLCSP e nos artigos 24 e 52 do RXLCAP

**4.5.** Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso.

Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, achegarase o correspondente documento no que conste que o poder outorgado ao seu favor é declarado bastante por letrado da Xunta de Galicia.

## **5. VALOR ESTIMADO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN**

**5.1.** O valor estimado e o orzamento máximo de licitación da subministración e as anualidades son as establecidas no apartado G da folla de especificacións.

O sistema de determinación do prezo deste contrato é o referido na cláusula H da folla de especificacións.

**5.2.** Nas cantidades sinaladas, así como nas fixadas nas proposicións económicas presentadas e no importe da adxudicación, atópanse incluídos a totalidade dos gastos que ao adxudicatario lle poida producir a realización do presente contrato de acordo co previsto na cláusula 22 do presente prego. Igualmente atópanse incluídos os gastos de entrega e transporte dos bens da subministración ata o lugar convindo e, no seu caso, os gastos de instalación dos referidos bens. No caso de que algún dos lotes, ou a contratación cando esta non se formule en lotes, inclúan liñas de artigos ou produtos diferenciados, os prezos que se formulan para cada artigo terán a consideración de máximos a efectos de licitación, salvo que se determine o seu carácter orientativo no apartado H da folla de especificacións. En todo caso, as ofertas deberán incluír a totalidade de artigos ou produtos diferenciados, especificando o prezo de cada unidade.

## **6. EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO**

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven da contratación, con cargo á partida orzamentaria especificada no apartado G da folla de especificacións.

No caso de tramitación anticipada a adxudicación do contrato queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente para facer fronte aos gastos que do mesmo se deriven.

## 7. REVISIÓN DE PREZOS

Os prezos da presente contratación non serán obxecto de revisión xa que no cálculo destes foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o prazo máximo da súa execución establecido na cláusula 8.

## 8. DURACIÓN DO CONTRATO

8.1. O contrato terá o prazo máximo de execución que se estableza no apartado F da folia de especificacións.

## ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

## 9. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase mediante procedemento e tipo de tramitación determinados no apartado B da folia de especificacións, e tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan no apartado K da folia de especificacións.

**Procedemento de avaliación das proposicións.** A valoración das ofertas realizarase de acordo cos criterios de adxudicación establecidos no apartado K da folia de especificacións.

En caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, desde o punto de vista dos criterios de adxudicación que serven de base para a adxudicación, terá preferencia na adxudicación do contrato ao licitador que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica teña no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 por 100, sempre que ditas proposicións igualem nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios de adxudicación que sirvan de base para a adxudicación. Si varios licitadores empataran en canto a proposición máis vantaxosa e acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal (disposición adicional cuarta do TRLCSP).

En caso de persistir o empate entre dúas ou máis proposicións, de conformidade co establecido nos artigos 67.4 e 75.c do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, pola que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aquel licitador que implante un plan de igualdade, ou obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, terá preferencia na adxudicación.

En caso de persistir novamente o empate, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que teña implantado un plan de responsabilidade social empresarial (RSE).

Si aínda persistira o empate na puntuación final, a adxudicación recaerá na oferta que no seu conxunto considérese máis beneficiosa para o interese público, tendo en conta a orde de prelación dos criterios de adxudicación e a ponderación da súa incidencia na valoración das ofertas empatadas.

## 10. GARANTÍA PROVISIONAL

Esíxese a constitución de garantía provisional segundo o indicado no apartado I da folia de especificacións.

## 11. PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

11.1. As proposicións e a documentación complementaria presentaranse, na forma indicada nos apartados seguintes, no lugar e prazo sinalado no apartado Q da folia de especificacións.

11.2. A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxeiro entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co

resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos (será indispensable que se trate dunha oficina de Correos prestadora do servizo postal universal) e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax ou correo electrónico a “rosa@cesga.es” a remisión da proposición. O envío do anuncio por correo electrónico so será válido se existe constancia da transmisión e da recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións e se identifica fidedignamente ao licitador. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a documentación, se se recibise con posterioridade á data e hora da terminación do prazo de presentación de ofertas sinalada no anuncio. Transcorridos dez días naturais desde a terminación do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo. Unha vez remitida a proposición por correo, non poderá ser retirada.

**11.3.** A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

## 12. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

**12.1.** Os interesados poderán examinar os pregos e a documentación complementaria nas oficinas sinaladas no anuncio de licitación e no perfil de contratante.

**12.2.** Os licitadores, de acordo co establecido no artigo 158.2 del TRLCSP e no apartado 2 do artigo 22, da lei 14/2013, de 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico, poderán solicitar as aclaracións que sobre o contido dos pregos consideren pertinentes, cunha antelación mínima de dez días naturais antes do fin de prazo de presentación das ofertas, á dirección de correo electrónico sinalada na folla de especificacións, debendo a administración facilitar a información, ao menos, seis días antes da data límite fixada para a recepción das ofertas. As respostas serán vinculantes para o órgano de contratación e publicaranse na Plataforma de contratos públicos de Galicia (PCPG).

**12.3.** As proposicións constarán de **tres sobros** pechados:

O sobre nº1 deberá ter o seguinte título: “Sobre A: Documentación xeral”.

O sobre nº 2 deberá ter o seguinte título: “Sobre B: Criterios non avaliábles mediante a aplicación de fórmulas matemáticas”.

O sobre nº 3 deberá ter o seguinte título: “Sobre C: Criterios avaliábles mediante a aplicación de fórmulas matemáticas”.

Ademais en tódolos sobros deberá constar: “Proposición para tomar parte na contratación do subministro dun sistema de almacenamento en rede (Expediente 1/2017”.

Os sobros presentaranse da seguinte maneira:

- Asinados polo licitador ou, sé é o caso, polo representante legal da entidade que firma toda a documentación. Se se trata dunha unión temporal de empresas, indicaranse os datos de cada un dos empresarios, debendo os sobros ir firmados polos representantes de cada unha das empresas integrantes da unión.
- Con indicación, no seu exterior, do NIF, nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, dirección e correo electrónico.
- Debidamente cerrados, de tal maneira que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.
- Ademais, os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro xeral de contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público deberán facelo constar no seu exterior do sobre A (con indicación do nº de inscrición do rexistro galego, no seu caso).
- As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do sector público será incorporada de oficio ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico a ditos certificados ou, no seu defecto, aportarán copia do mesmo.

- No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

**12.4.** Os interesados haberán de presentar as súas ofertas referidas á totalidade do subministro obxecto do contrato. Non obstante, se houberse lotes, os interesados poderán presentar ofertas referidas a un, a varios, ou á totalidade dos lotes, salvo que na folla de especificacións se limite o número de lotes aos que se poden presentar. Os interesados especificarán no exterior do sobre B, no seu caso, a oferta correspondente a cada lote.

**12.5.** Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato, ou lote ou lotes aos que licite. Cando se permita a presentación de variantes ou melloras segundo a folla de especificación, estas variantes ou melloras que se inclúan na oferta deberán suxeitarse ás condicións establecidas.

**12.6.** O empresario que presente oferta en unión temporal con outros empresarios non poderá, a súa vez, presentar oferta individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. No suposto en que haxa lotes esta prohibición tamén será de aplicación en relación a cada lote da licitación.

**12.7.** O incumprimento das normas contidas nos dous apartados anteriores dará lugar á non admisión de tódalas ofertas subscritas polo licitador.

**12.8.** A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas.

**12.9.** Os documentos e datos presentados polos licitadores poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos ou prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector.

Por conseguinte, serán os licitadores ou candidatos os que deben identificar a documentación ou a información que consideran que ten carácter confidencial, non sendo admisible que efectúen unha declaración xenérica ou declaren que tódolos documentos ou toda a información ten carácter confidencial. Esta circunstancia deberá reflectirse no modelo anexo II (declaración responsable) e no propio documento sinalado como tal en forma sobreimpresa, ao marxe ou de calquera outra forma visible.

A extensión da confidencialidade a toda a proposta por un licitador considerarase improcedente.

Os licitadores poderán designar como confidenciais algún/s dos documentos aportados na súa oferta. Esta circunstancia deberá reflectirse claramente (de calquera forma ou ao marxe) no propio documento designado como tal.

Así mesmo deberán acompañar unha memoria onde xustifique os motivos ou circunstancias en base aos cales debe recoñecerse este carácter e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar aos efectos de que por parte do órgano de contratación poida verificar o mantemento dun axeitado equilibrio dos dereitos de tódolos licitadores.

En todo caso, terá carácter confidencial a documentación facilitada polos empresarios para acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, de acordo co establecido no artigo 12 do Regulamento Xeneral da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro. Estes documentos son aqueles a que fan referencia os artigos 75 a 78 del TRLCSP, nos cales se enumeran os medios para acreditar a solvencia dos licitadores.

Tamén terán carácter confidencial os datos de carácter persoal obxecto da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Non obstante, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que ademais, sexa de acceso público.

Para o caso de que non haxa declaración de confidencialidade dos empresarios ou esta sexa incompleta, o órgano de contratación actuará segundo o seguinte procedemento:

- Antes de decidir que documentos ou información teñen carácter confidencial, dará traslado ao licitador ou candidato da solicitude de información presentada por outras empresas interesadas no procedemento para que se poida pronunciar de forma xustificada.

- Os licitadores deberán identificar os documentos aportados na súa oferta que teñan tal carácter deixando constancia de iso (de calquera forma ou ao marxe) no propio documento designado como tal.

Así mesmo deberán acompañar unha memoria onde xustifique os motivos ou circunstancias en base aos cales debe recoñecerse este carácter e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar.

- O órgano de contratación non poderá divulgar a información facilitada polos licitadores que estes haxan designado como confidencial segundo os motivos e circunstancias que estes haxan manifestado.

- No suposto de que un licitador non motive ou concrete as circunstancias xustificativas da súa declaración de confidencialidade ou siga mantendo unha declaración xenérica de carácter confidencial de toda a súa oferta, entenderase esta como inmotivada e o órgano de contratación reservarase o dereito de considerar que documentación debe considerarse confidencial exonerándolle de toda responsabilidade por calquera erro de apreciación en cuanto ao carácter confidencial ou non da información facilitada.

O órgano de contratación pode non comunicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desta información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre las, entre outros.

**12.10.** O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de las proposicións.

**12.11.** En todo caso o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa. Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente en la materia, excepto o documento acreditativo da garantía provisional, no seu caso, que haberá de aportarse en orixinal.

Os documentos deben presentarse en lingua galega ou castelán. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial á lingua galega ou castelán.

**12.12.** As proposicións constarán de tres sobres pechados. O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folia independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

**12.2. Sobre A: Deberá ter o seguinte título: *SOBRE A: Documentación Xeral para tomar parte na contratación do subministro dun sistema de almacenamento en rede (Expediente 1/2017)*. O seu contido será o seguinte:**

**a) Cumprimento dos requirimentos previos para contratar coa Administración**, que se acreditará a través dos seguintes medios:

**1º.- Declaración responsable (segundo modelo que se achega como Anexo II)** do candidato indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, incompatibilidades e demais aspectos establecidos na recomendación 1/2016 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Comunidade Autónoma de Galicia.

**2º.- Documento europeo único de contratación (en adiante DEUC) debidamente cuberto**, cuxo formulario normalizado se estableceu no Regulamento de Execución (UE) 2016/7, da Comisión, do 5 de xaneiro do 2016, en cumprimento do artigo 59 da DN (anexo V deste prego). Os licitadores poderán acceder ao DEUC en formato electrónico (en castelán) no seguinte enlace: <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espdp/filter?lang=é>.

Os licitadores tamén teñen a súa disposición o DEUC en formato .odt nos seguintes enlaces:

- versión en galego: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>
- versión en castelán: <http://www.conselleriadefacenda.es/es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

Xúntanse como anexo V deste prego unhas orientacións para facilitarlle aos licitadores a súa cumprimentación.

**Os licitadores deberán cumprimentar o devandito formulario DEUC, con excepción das seccións A, B, C, e D da parte IV: Criterios de Selección, debendo cumprimentar nesta parte IV exclusivamente o apartado A: INDICACIÓN GLOBAL RELATIVA A TODOS OS CRITERIOS DE SELECCIÓN.**



4º.- Compromiso de constitución de Unión Temporal de Empresarios (UTE), no seu caso. Cando dous ou máis empresas acudan a unha licitación constituíndo unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un de eles e que asumen p compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarios (art. 59 TRLCSP e 24 RGLCAP). Presentarán tamén a designación dun representante ou apoderado único da unión con poder suficiente para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

O documento deberá estar asinado por los representantes de cada unha das Empresas compoñentes da UTE.

5º.- Declaración dos Lotes aos que se concorre. Se o contrato admite a súa división en lotes, o licitador deberá expresar, mediante unha declaración, o lote ou lotes aos que presenta a súa oferta. O órgano de contratación poderá determinar o número de lotes aos que se poida presentar un único licitador. Tal información farase constar na letra B.3 do cadro de características do presente prego.

6º.- Constitución da garantía provisional, se procede. Salvo que na letra I do Cadro de características do contrato se indique que non procede, os licitadores deberán constituír unha garantía provisional polo importe alí fixado, que corresponderá como máximo ao 3 % do presuposto de licitación (IVA excluído).

No caso de existir lotes e así se indique expresamente, os licitadores deberán constituír unha garantía provisional que corresponderá, como máximo, ao 3 % do presuposto establecido para o lote ou lotes aos que se licite, IVA excluído, en la letra G do Cadro de características do contrato. Neste caso, o resguardo da garantía provisional debe ir acompañado dunha relación detallada dos lotes aos que se licita.

A garantía provisional poderá prestarse en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

A garantía provisional deberá constituírse de acordo coas normas establecidas no artigo 103 do TRLCSP, así como na normativa de desenvolvemento e na normativa autonómica que sexa de aplicación.

Se se constituí en metálico ou títulos valores debe presentarse o resguardo acreditativo de dita garantía ante a Caixa Xeral de depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se se constituí en forma de aval ou por contrato de seguro de caución, presentárase o propio aval ou o contrato de seguro.

No suposto de unións temporais de empresas, a garantía provisional poderá constituírse por unha ou varias das empresas participantes na unión, sempre que en conxunto se alcance a contía esixida e garante solidariamente a tódolos integrantes da unión.

7º.- No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á Disposición Adicional Quinta do TRLCSP os Centros especiais de emprego ou Empresas de inserción laboral deberán acreditar dispor de tal cualificación mediante certificación do correspondente rexistro público ou documentación que a substitúa.

Os operadores económicos poden ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de enxuízamento con arranxo á lexislación nacional, no caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ou, en xeral, ao facilitar a información esixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se cumpren os criterios de selección, ou no caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos.

Toda a documentación a presentar polos candidatos haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas por funcionarios da Xunta de Galicia conforme á lexislación vixente na materia, excepto o documento acreditativo da garantía provisional, no seu caso, que haberá de achegarse en orixinal. Así mesmo, os candidatos presentarán a súa documentación en castelán ou galego.

**12.3. Sobre B:** Deberá ter o seguinte título: ***SOBRE B: Documentación relativa aos criterios non avaliábles mediante fórmulas para tomar parte na contratación do subministro dun sistema de almacenamento en rede (Expediente 1/2017).***

**12.3.1.** Os licitadores incluírán neste sobre calquera documentación xustificativa dos aspectos especificados no prego de prescricións técnicas relativos aos criterios non avaliábles mediante fórmulas a que se refire o apartado K da folla de especificacións do presente prego, contendo todos os elementos que a integran, incluídos os aspectos técnicos da mesma. Igualmente os licitadores incluírán neste sobre a proposta resumida para criterios cualitativos, que se

axustará ao modelo establecido que se xunta como Anexo III-A ao presente prego e o Cadro de Características Técnicas incluído como Apéndice 2 do Prego de Prescricións Técnicas ao presente prego, debidamente cumprimentado. **A non inclusión deste documento debidamente cumprimentado determinará a non admisión da oferta correspondente. Os datos omitidos polo licitador no cuestionario, determinarán que a mesa de contratación asigne unha puntuación de 0 nos criterios relacionados.**

**12.3.2.** No sobre B non poderá incluírse información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían en base aos criterios avaliábeis mediante a aplicación de fórmulas, que deben incluírse no sobre C. En senso contrario, a oferta do licitador será excluída.

**12.3.3.** Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscripta na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

**12.3.4.** O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscriptas.

**12.4. Sobre C:** Deberá ter o seguinte título: ***SOBRE C: Documentación relativa aos criterios avaliábeis mediante fórmulas para tomar parte na contratación do subministro dun sistema de almacenamento en rede (Expediente 1/2017).***

**12.4.1.** Inclúirse a **proposición económica e demais criterios avaliábeis mediante fórmulas**, que se axustará ao modelo establecido que se xunta como modelo Anexo III-B ao presente prego, sen erros ou rascaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rexeitada. A oferta efectuarase pola totalidade dos traballos obxecto do contrato, incluíndo nela todo tipo de impostos, arbitrios ou taxas exixíbeis e, nela deberá indicarse como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido. Serán inadmisíbeis as ofertas de maior contía da que figura no apartado G da folla de especificacións como orzamento de licitación.

**12.4.2.** Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscripta na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

**12.4.3.** Cada licitador poderá presentar só unha proposición en relación co obxecto do contrato, aínda que a mesma poderá incluír variantes ou alternativas nos termos establecidos no apartado E da folla de especificacións.

**12.4.4.** O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscriptas.

### **13. MESA DE CONTRATACIÓN E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL**

O órgano de contratación estará asistido, para a adxudicación do contrato, por unha mesa de contratación constituída de conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP e artigo 21 do RD 817/2009, de 8 de maio.

A mesa estará asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que informarán á mesa sobre as cuestións das súas respectivas competencias, a requirimento da mesma ou por propia iniciativa, pero sen dereito de voto.

Rematado o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación constituirase, previamente, para o exame e cualificación da documentación administrativa, en función dos requisitos esixidos. Se a mesa observase defectos ou omisións substituíbles, ou necesitase aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou achegas doutros complementarios, poderá conceder para elo un prazo inferior ao sinalado para a apertura do sobre B no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007. Este último, en ningún caso, pode ser superior a 7 días a contar dende a apertura da documentación administrativa (sobre A). A estes efectos se a Mesa observase defectos materiais ou omisións emendables, comunicárase aos interesados, mediante fax ou correo electrónico ao número/enderezo de correo indicado na solicitude de participación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores procedan á súa emenda, deixando constancia na correspondente acta. As subsanacións deberán presentarse ante o Rexistro do CESGA (sito no Edificio CESGA, no Campus Vida, Avenida de Vigo s/n, 15705, Santiago de Compostela), en horas de oficina.

## 14. APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

**14.1.** A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do Sobre A e realizadas as emendas e, no seu caso, achegadas as aclaracións requiridas, ou transcorrido o prazo que se conferín ao efecto, realizará en acto público, no lugar, día e hora indicado no perfil do contratante, á apertura do sobre B Documentación non avaliable mediante fórmulas, con arranxo as seguintes actuacións:

- Lectura do anuncio público do procedemento.
- Reconto das proposicións presentadas e confrontación cos datos que figuren nos certificados estendidos polos xefes das oficinas receptoras das mesmas.
- Lectura pública do número de proposicións recibidas e da identidade dos licitadores.
- Invitación ós asistentes para que comproben, se o desexan, que os sobres que conteñen as proposicións se atopan na mesa, e en idénticas condicións ca cando foron entregados.
- Lectura pública dos resultados da cualificación da documentación persoal, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de non admisión destas últimas.
- Invitación ós licitadores asistentes interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes. Pasado este momento non se admitirán máis observacións que interrompan o acto.
- Apertura do sobre correspondente a documentación correspondente os criterios non avaliábles automaticamente mediante fórmulas.
- Invitación ós asistentes a que expoñan cantas consideracións, reclamacións ou queixas consideren oportunas, tralo cal se levantará a sesión.

A continuación, a Mesa entregará ao órgano encargado da valoración da documentación contida no Sobre B para a elaboración do informe correspondente. O prazo para a valoración e cuantificación non poderá ser superior o prazo máximo establecido no artigo 160 do TRLCSP para a apertura do sobre C.

Por parte do secretario levantarase Acta que recollerá sucinta e fielmente o acontecido, e será asinada, polo menos, polo Presidente e o Secretario, así como por cantos tivesen presentado reclamacións.

**14.2.** Trala valoración dos criterios, no que a súa cuantificación dependa de un xuízo de valor, esta se dará a coñecer nun acto público con anterioridade a apertura do sobre C. O acto público celebrarase no lugar, día e hora indicado no perfil do contratante. No acto público realizaranse as seguintes actuacións:

- Lectura pública dos resultados da cuantificación dos criterios que non sexan avaliábles mediante fórmulas.
- Invitación aos licitadores asistentes interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes.
- Apertura do sobre correspondente a proposición económica e documentación avaliable mediante fórmulas.
- Invitación aos licitadores asistentes interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes.

A continuación, a Mesa entregará ao órgano encargado da valoración da documentación contida no Sobre C para a elaboración do informe correspondente.

Por parte do secretario levantarase Acta que recollerá sucinta e fielmente o acontecido, e será asinada, polo menos, polo Presidente e o Secretario, así como por cantos tivesen presentado reclamacións.

**14.3.** A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, determinará a proposición máis vantaxosa como resultado da aplicación dos criterios de adxudicación previstos no Prego e do/s informe/s técnico/s, formulará a proposta de adxudicación a favor da entidade que obtivera a maior puntuación total (suma das puntuación obtidas tanto cos criterios non cuantificables como cuantificables automaticamente) e, polo tanto a oferta máis vantaxosa economicamente para a Administración, e elevará ao órgano de contratación xunto co correspondente informe técnico.

O órgano de contratación clasificará, atendendo aos criterios de adxudicación establecidos no apartado K da folia de especificacións, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. De non ditarse o acordo de adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitantes admitidos ao procedemento terán dereito a retirar a súa proposición.

## **15. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS**

**15.1.** Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, darase audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vai a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado. Esta xustificación será analizada polo servizo técnico do órgano de contratación.

**15.2.** Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e o informe emitido polo servizo técnico, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orde na que fosen clasificadas as ofertas presentadas.

**15.3.** As proposicións de carácter económico que formulen individualmente sociedades pertencentes a un mesmo grupo non poden ser consideradas para os efectos de establecer o prezo de referencia para valorar as ofertas económicas e identificar as que deben considerarse como desproporcionadas ou temerarias. Deste xeito, presentadas distintas proposicións por estas empresas, tomarase unicamente para aplicar o réxime apreciación de ofertas desproporcionadas ou anormais a oferta máis baixa, producíndose a aplicación dos efectos derivados do procedemento establecido para a apreciación das ofertas desproporcionadas ou anormais respecto das restantes ofertas formuladas polas empresas do grupo.

## **16. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO ADXUDICATARIO**

**16.1.-** Requirirase ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles (5 días se é un procedemento urxente) a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa do cumprimento de requirimentos previos para contratar coa Administración:

a) A personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación. Para iso presentarase o Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, acercarse o correspondente documento no que conste que o poder é declarado bastante por letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia outorgado ao seu favor, no caso de que haxa actuado en representación de terceiro ou de persoa xurídica.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I del RGLCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúan o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán de acercar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado do seu orixe admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

b) A documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado no apartado N da folia de especificacións do presente prego de cláusulas administrativas particulares.

As empresas que liciten en unión temporal deberán acreditar os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica. Cada unha das empresas que compoñen a unión temporal, deberá acreditar a súa capacidade e solvencia conforme ao sistema de acreditación previsto no apartado anterior, acumulándose aos efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes de ela, de conformidade coas condicións previstas nos artigos 59 del TRLCSP e no 24 e 52 del RGLCAP.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

Se o candidato está inscrito no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Registro Oficial de licitadores y empresas clasificadas del sector público (ROLECESP) eximiráselle de aportar a documentación que en ditos certificados se detalla, no seu caso:

- Personalidade e representación a que se refire o apartado a) sempre e cando a representación sexa a mesma que conste no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no ROLECESP. Non obstante, o órgano de contratación poderá requirir a aportación de dita documentación se fora necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.
- Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica, excepto a documentación específica que se relaciona no apartado N da folia de especificacións, que deberá de ser acercada en todo caso.
- Documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa facenda estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia, e de estar dadas de alta no Imposto sobre Actividades Económicas) e de encontrarse ao día no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social.

Neste caso, a proposición presentada polo candidato deberá ir acompañada dunha declaración responsable, segundo modelo que se establece como ANEXO IV, na que o candidato manifieste que as circunstancias reflectidas no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e/o no ROLECESP non experimentaron variación.

As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del sector público será incorporada de oficio ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico a ditos certificados ou, no seu defecto, aportarán copia do mesmo.

Se observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, notificarao ao licitador, deixando

constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que os subsane.

A comunicación dos defectos ou omisións subsanables poderase realizar por teléfono, por fax ou por correo electrónico.

A documentación que presente o licitador neste momento deberá estar a disposición da unidade xestora do expediente de contratación antes da finalización do prazo para subsanar.

A efectos de completar a acreditación da capacidade e a solvencia do licitador, poderase solicitar de este as aclaracións que se estimen oportunas sobre os certificados e documentos presentados, así como requirirle para a presentación de outros documentos complementarios.

De non cumpríntase o requirimento no prazo sinalado ou de non subsanarse en prazo os defectos ou omisións advertidos, ou no caso de que a documentación do licitador conteña defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orde no que fosen clasificadas as ofertas, e incautárase a garantía provisional que, no seu caso, o licitador constituíse.

**16.2.-** De conformidade co establecido no artigo 151.2 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do mesmo prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación xustificativa seguinte:

Documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de estar dadas de alta no Imposto sobre Actividades Económicas) e coa Seguridade Social ou autorice á Administración para obter de forma directa a acreditación de esta documentación.

En concreto a documentación a xustificar neste apartado é a seguinte:

1. Certificación da Tesorería General de la Seguridad Social, ao amparo dos artigos 14 e 15 do RGLCAP, que acredite que se encontra ao corrente no cumprimento dos seus deberes coa Seguridade Social.
2. Certificado expedido pola Axencia Tributaria de Galicia, no que conste que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Certificación da Agencia Estatal de la Administración Tributaria, ao amparo dos artigos 13 e 15 do RGLCAP, que acredite que o licitador se encontra ao corrente do pago dos seus deberes tributarios.
4. Documento que acredite estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, mediante presentación da alta, referido ao exercicio corrente, ou do último recibo do IAE completado con unha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo de acreditar a alta no imposto, no suposto de encontrarse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 del Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse mediante unha certificación da exención, outorgada polo órgano competente, ou declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000 euros) respecto dos suxeitos pasivos enunciados no artigo 82.1 c) da citada lei.

Xustificante de ter aboados os gastos derivados da publicación do anuncio de licitación, de conformidade co sinalado no apartado P da folia de especificacións.

5. Documentación xustificativa da constitución da garantía definitiva que sexa procedente, en concreto o xustificante de ter depositada na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (Consellería de Facenda) a favor do órgano de contratación, a garantía definitiva polo importe sinalado no apartado J da folia de especificacións, calculada sobre o presuposto de adxudicación, IVA excluído, en calquera das modalidades previstas no artigo 96.1 del TRLCSP

6. Documentación xustificativa de dispor efectivamente dos medios que, de ser o caso, se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP. Deberase concretar as persoas que se correspondan co número e perfiles dos integrantes do grupo de traballo ofertado (xuntando currículo, titulación e experiencia). Se se trata de medios persoais que formen parte do seu persoal remitiranse os documentos TC2 nos que así conste. Para o caso de que se trate de persoas que nese momento non formen parte do persoal da empresa,

deberán acercar un compromiso firmado por ambas partes de que, de resultar adxudicatario, se incorporarán ao equipo de traballo.

De non presentarse a documentación sinalada en forma e prazo, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orde no que quedaron clasificadas las ofertas.

## **17. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

**17.1.** O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refire o apartado 16.1 deste prego.

**17.2.** De acordo co establecido nos artigos 151 do TRLCSP, a adxudicación deberá ser motivada, notificarase a todos os licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato. O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

**17.3.** No caso de que os interesados soliciten os motivos do rexeitamento da súa candidatura e das características determinantes da adxudicación da proposición do adxudicatario, a Administración informará no prazo máximo de quince (15) días.

## **FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

### **18. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

**18.1.** Ao abeiro do establecido no artigo 156 do TRLCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación de adxudicación aos licitadores. O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo dos 15 días hábiles sen que se interpuxera recurso que implique a suspensión da formalización do contrato. Ao documento de formalización unirase a oferta do adxudicatario, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas, que revistirán carácter contractual

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal.

**18.2.** O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

O contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte deste, non eximirá o contratista da obriga do seu cumprimento.

**18.3.** Se por causa imputable ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación, sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso, esixiuse, de acordo co establecido no artigo 156.4 do TRLCSP.

**18.4.** No caso de que no expediente recaia declaración de urxencia, poderase, previa constitución da garantía definitiva cando fose exixible, iniciar a execución do contrato sen a previa formalización, de acordo co previsto no artigo 112.2.c) do TRLCSP.

## EXECUCIÓN DO CONTRATO

### 19. RESPONSABLE DO CONTRATO E RESPONSABLE DO PROXECTO

O órgano de contratación designará un **responsable do contrato** ao que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa (artigo 52 do TRLCSP). En concreto, co obxectivo prioritario de asegurar a calidade dos traballos realizados, dito responsable deberá velar para que a organización do proxecto e a súa execución sexa realizada de tal forma que permita obter un seguimento formal do avance do proxecto. Deberá igualmente verificar que a organización especificada para o desenvolvemento do proxecto está aliñada cos obxectivos e velar porque o equipo de traballo dispoña da adecuada cualificación e nivel de dedicación establecidos para a realización dos traballos derivados da contratación. Dito responsable aterase ás medidas concretas establecidas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado cando o adxudicatario, ou persoas del dependentes, incorra en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato.

O adxudicatario deberá nomear a un **responsable do proxecto** para que coordine o equipo que realice os traballos recollidos ao amparo desta contratación. Este equipo de traballo poderá estar liderado ou non por un xefe de proxecto. O responsable do proxecto será o interlocutor co responsable do contrato. O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato. O responsable do proxecto ostentará a representación do contratista, cando sexa necesaria a súa actuación ou presenza, así como noutros actos derivados do cumprimento das obrigas contractuais, sempre coa finalidade da boa execución da contratación; tamén será o encargado de organizar a execución do contrato e interpretar e pór en práctica as ordes recibidas do responsable do contrato, colaborando con este na resolución dos problemas que xurdan durante a execución.

### 20. OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA

**20.1.** O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, lle dea o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

Conforme ao artigo 292 do TRLCSP, o contratista estará obrigado a entregar os bens obxecto de subministración nas dependencias e no prazo sinalados no apartado F da folla de especificacións, ou no prazo no que houber ofertado o contratista na súa proposición se fose menor, e de conformidade coas prescricións técnicas e cláusulas administrativas.

O adxudicatario está obrigado a realizar a subministración dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais que se sinalen para as entregas parciais da subministración.

A recepción entenderase feita mediante acto positivo e formal da Administración, declarando expresamente recibidos os bens de acordo cos pregos. A simple constancia dunha entrega pola sinatura dun albará ou documento similar non terá a consideración de recepción formal para os efectos establecidos no artigo 222 do TRLCSP.

No caso de entrega de bens defectuosos a Administración poderá esixir, optativamente, a corrección dos defectos observados ou a realización dunha nova subministración. Neste último suposto, e para garantir a efectiva achega da nova subministración, poderá reter ata que esta se produza e se reciba de conformidade, os artigos defectuosos previamente entregados.

Corresponderán e serán a cargo do adxudicatario a obtención das autorizacións e licenzas, documentos ou calquera información, tanto oficiais como particulares, que se requiran para a realización da subministración.

Os bens quedarán no punto de destino listos para a súa utilización conforme ao establecido nos pregos. O contratista



estará obrigado a realizar todas as operacións que resulten necesarias para a instalación, posta en funcionamento ou posta en marcha, nos casos nos que se determine, dos bens a fornecer, de conformidade co establecido no prego de prescricións técnicas, considerándose o seu custo incluído no prezo do contrato.

**20.2.** A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, respondendo este de a calidade dos traballos e dos vicios ocultos que puidesen apreciarse durante o prazo de garantía.

Quedan exceptuados do disposto no parágrafo anterior os defectos que se poidan apreciar que sexan consecuencia directa e inmediata dunha actuación ou orde da Administración.

Calquera que sexa o tipo de subministración, o adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que incorrese en mora ao recibilos.

Cando o acto formal da recepción dos bens, de acordo coas condicións do prego, sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da custodia dos bens durante o tempo que medie entre unha e outra. Unha vez recibidos de conformidade pola Administración bens ou produtos perecedoiros, será esta responsable da súa xestión, uso ou caducidade, sen prexuízo da responsabilidade do subministrador polos vicios ou defectos ocultos que teñan.

Será obrigação do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis.

O contratista será responsable de obter as cesións, permisos e autorizacións dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación que, no seu caso, resulten necesarias, correndo pola súa conta o abono das indemnizacións que puidesen corresponder por tales conceptos. Así mesmo, serán responsables de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial, debendo indemnizar, no seu caso, á Administración de todos os danos e prexuízos que para a mesma puidesen derivarse con motivo da interposición de reclamacións.

**20.3.** O persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, a quen corresponden todos os dereitos e deberes inherentes ao seu empregador, sendo a Administración contratante totalmente allea ás devanditas relacións laborais. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito algún polo devandito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirlle a estas responsabilidades de calquera clase como consecuencia das obrigacións existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no caso de que os despedimentos ou medidas que o empresario adopte baséense no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

No seu caso, será obrigação do adxudicatario uniformar e identificar convenientemente a todo o persoal durante o tempo que desenvolve o servizo.

Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante.

O adxudicatario comprométese a retribuír axeitadamente ao persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de Convenios Colectivos, pactos ou acordo de calquera índole; de modo que, en ningún caso, poderá repercutir ditas modificacións sobre o importe a facturar polo servizo.

O adxudicatario queda obrigado, respecto do seu persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social, de prevención de riscos laborais e de seguridade e hixiene no traballo que se atope vixente en cada momento.

En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole, ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus labores, o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún xeito á Administración contratante.

**20.4.** O contratista deberá ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto

do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario. Particularmente, garantizará:

A cobertura en todo momento dos postos de traballo e as súas correspondentes funcións, que ofertase dentro da súa proposición presentada á licitación.

A categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que asigne ao contrato. A incapacidade demostrada dalgún empregado para realizar as prestacións, poderá xustificar o requirimento da súa substitución, por parte do órgano de contratación.

**20.5.** Cando o contrato se adxudique a unha empresa en virtude do criterio preferente previsto na cláusula 9 do presente prego, o adxudicatario estará obrigado a manter a vixencia da porcentaxe de contratos de traballadores fixos discapacitados durante o tempo que dure a execución da prestación obxecto do contrato adxudicado, ou, no seu caso, durante o prazo de garantía se a execución non se realizase en tracto sucesivo.

Do mesmo xeito, se a preferencia na adxudicación é debida a calquera outro dos criterios establecidos na cláusula 9 do presente prego, estará obrigado a manter este a vixencia deste criterio durante o tempo que dure a execución da prestación obxecto do contrato adxudicado, ou, no seu caso, durante o prazo de garantía se a execución non se realizase en tracto sucesivo.

O incumprimento de tal condición será causa de resolución do contrato adxudicado, debendo constar no mesmo como tal causa de resolución.

## **21. GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA**

**21.1.** Son de conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación no Boletín Oficial do Estado (BOE) e no Diario Oficial de Galicia (DOG), así como os de formalización do contrato, se este se elevase a escritura pública.

**21.2.** Tanto nas proposicións presentadas polos licitadores, como no orzamento de adxudicación enténdense comprendidos todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista, salvo o IVE que deba ser soportado pola Administración, que se indicará como partida independente.

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resulten necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.

## **22. ABONOS AO CONTRATISTA**

**22.1.** O contratista terá dereito ao abono dos traballos efectivamente realizados e así certificados pola Administración. O pago do prezo do contrato realizarase na forma que se establece no apartado M da folia de especificacións.

**22.2.** O pago realizarase contra factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada pola unidade que reciba o traballo ou, no seu caso, polo designado como responsable do contrato. A Administración deberá abonar o importe das facturas dentro do prazo establecido no artigo 216 do TRLCSP, posteriormente á data de expedición dos documentos que acrediten a realización do contrato.

En caso de demora pola Administración no pago do prezo, esta deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento do prazo fixado no artigo 216 do TRLCSP, os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas contra a morosidade nas operacións comerciais.

Se a demora no pago fose superior a catro meses, contados a partir do vencemento do prazo de aplicación fixado no artigo 216 do TRLCSP, o contratista poderá proceder, no seu caso, á suspensión do cumprimento do contrato, debendo comunicar á Administración cun mes de antelación, tal circunstancia, a efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse de devandita suspensión, nos termos establecidos no TRLCSP.

Se a demora da Administración fose superior a seis meses, contados a partir do vencemento do prazo de aplicación

fixado no artigo 216 do TRLCSP, o contratista terá dereito, así mesmo, a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen.

**22.3.** O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que a devandita cesión produza efectos, e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión.

## **23. CUMPRIMENTO DOS PRAZOS**

**23.1.** O contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato nos termos previstos no apartado F da folia de especificacións.

**23.2.** Se chegado o final do prazo establecido, o contratista houber incorrido en demora, por causa imputable ao mesmo, a Administración poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, segundo se establece no artigo 212.4 do TRLCSP.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

**23.3.** A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

**23.4.** A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

**23.5.** Si se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 213.2 do TRLCSP.

## **24. CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU INCUMPRIMENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO**

No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprise o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, a que se refira, no seu caso, a cláusula 4.2, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato.

## **SUBCONTRATACIÓN**

### **25. SUBCONTRATACIÓN**

<p>12) Contratos públicos de subministracións:</p> <p>¿Pode a empresa presentar os certificados expedidos por institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida que acrediten a conformidade dos produtos conforme ao previsto no anuncio ou prego?.</p> <p>Se é negativo explicar porqué e que medios de proba aporta Se a documentación está dispoñible en formato electrónico</p>	<p>Si ( ) Non ( )</p> <p>(.....)</p> <p>Enderezo,páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación .....</p>

## D SISTEMAS DE ASEGURAMENTO DA CALIDADE E NORMAS DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL

(A cumprimentar cando o poder adxudicador esixa a cumprimento dos criterios de selección no anuncio ou no prego)

<p>¿Poderá presentar certificados expedidos por organismos expedidos independentes que acrediten que cumpren as normas de aseguramento da calidade requiridas, en particular en materia de accesibilidade para persoas con discapacidade?</p> <p>Se é negativo, explicar por qué e qué medios de proba aporta. Se a documentación está dispoñible en formato electrónico</p>	<p>Si ( ) Non ( )</p> <p>(.....)</p> <p>Enderezo páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación .....</p>
<p>¿Poderá presentar certificados expedidos por organismos expedidos independentes que acrediten que aplica os sistemas de normas de xestión medioambiental requiridos?</p> <p>Se é negativo, explicar porqué e qué medios de proba aporta. Se a documentación está dispoñible en formato electrónico</p>	<p>Si ( ) Non ( )</p> <p>(.....)</p> <p>Enderezo páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación .....</p>

## PARTE V: REDUCCIÓN DO NÚMERO DE CANDIDATOS CUALIFICADOS

**Nota: Facilitarase esta información cando o poder adxudicador especifique os criterios ou normas obxectivos ou non discriminatorios que se aplicarán para limitar o número de candidatos que serán invitados a participar na licitación ou nun diálogo. Esta información establecerase no anuncio ou pregos**

**nos casos de procedementos restrinxidos, licitación con negociación, diálogo competitivo e asociación para a innovación.**

**O operador económico declara que:**

Cumpre os criterios ou normas obxectivos e non discriminatorios que se aplicarán para limitar o nº de candidatos da seguinte maneira: No suposto que se requiran certos certificados ou outros tipos de proba documentais, indíquese sobre cada un se dispón da documentación necesaria. Se a documentación está dispoñible en formato electrónico	(.....)  Si ( ) Non ( )  Enderezo páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación .....
--	--

### PARTE VI: DECLARACIÓN FINAIS

O/s abaixo/s asinante/s declara/n formalmente que a información comunicada nas partes II-V é exacta e veraz e foi facilitada con pleno coñecemento das consecuencias dunha falsa declaración de carácter grave.

O/s abaixo/s asinante/s declara/n formalmente que poderán aportar os certificados ou outros tipos de probas documentais contemplados sen tardanza, cando se lle/s soliciten, salvo no caso de que:

- O poder adjudicador teña a posibilidade de obter os documentos xustificativos de que se trate directamente, accedendo a unha base de datos nacional de calquera Estado membro que poida consultarse de forma gratuíta (para elo terá que facilitar a información necesaria: enderezo, páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación; que permita ao poder adjudicador facelo. Se fose preciso, deberá outorgarse o oportuno consentimento para acceder a dita base de datos), ou
- A partir de 18 de outubro de 2018 a más tardar o poder adjudicador xa posúa os certificados a través do acceso a bases de datos nacionais (artigo 90 da Directiva 2014/24/UE)

O/s abaixo/s asinante/s formalmente consinte/n en que [indíquese o poder adjudicador] teña acceso aos documentos xustificativos da información que se facilitou en [indicar parte ou sección, punto do DEUC] a efectos de [ indíquese o procedemento de contratación: descrición breve, referencia de publicación no DOUE, nº de referencia]

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_  
[Data, lugar]

Sinaturas

## ANEXO IV

### ORIENTACIÓNS PARA CUMPRIMENTAR O DEUC

En aras de facilitar a cumprimentación por parte das empresas do modelo de formulario normalizado do DEUC que establece o anexo II do Regulamento (UE) n.º 2016/7, fórmulanse a continuación as seguintes orientacións:

a) De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta dentro do apartado titulado «Información xeral», do formulario normalizado do DEUC, as empresas que figuren inscritas nunha «lista oficial de operadores económicos autorizados» só deberán facilitar en cada Parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas «listas oficiais». Así en España as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no Rexistro de Licitadores que corresponda, xa sexa o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) ou o Rexistro Xeral de contratistas de Galicia (RXCG) co alcance previsto no artigo 327.1 do TRLCSP, a condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do DEUC a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizar o acceso correspondente (dirección da internet, todos os datos de identificación e, no seu caso, a necesaria declaración de consentimento).

Para o caso de que a empresa se atope inscrita no ROLECE ou no RXCG, a continuación esta Recomendación indica, respecto de cada unha das partes do formulario, que datos son susceptibles de figurar inscritos nos rexistros e cales non. Dado que algúns destes datos deben subministrarse, en todo caso, pola empresa e outros son voluntarios. Limitarémonos a sinalar en cada caso se os datos que reclaman o formulario son ou non son potencialmente inscribibles, debendo a empresa asegurarse de cales efectivamente están inscritos e actualizados e cales non están inscritos ou estándoo non están actualizados, no seu caso concreto.

b) O acceso por parte dos órganos de contratación aos rexistros de licitadores así mesmo ten o efecto establecido no artigo 59.5 DN. Así aínda que, de acordo co artigo 59.4 DN con carácter xeral o órgano de contratación poderá requirir aos candidatos e licitadores durante a sustanciación do procedemento de contratación e para garantir o bo desenvolvemento do mesmo para que acheguen documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acceso á licitación, e con carácter previo á adxudicación o primeiro deberá esixir ao adxudicatario a presentación destes documentos xustificativos; o artigo 59.5 DN matiza o establecido no apartado anterior do mesmo artigo ao eximir aos licitadores e candidatos de presentar aqueles documentos xustificativos que proben informacións que poidan ser acreditadas mediante unha certificación expedida polo Rexistro de licitadores que corresponda [ROLECE ou RXCG].

#### **Parte I.**

Recolle a información sobre o procedemento de contratación e sobre o órgano de contratación.

O seu enchemento non reviste complexidade xa que todos os datos constan no anuncio ou nas Plataformas de contratación.

## Parte II.

Recolle información sobre a empresa interesada.

Como xa se indicou, aquelas empresas que figuren inscritas nun Rexistro de Licitadores só deberán facilitar nesta parte II do formulario aquela información que non figure inscrita nos mesmos ou que, aínda estando inscrita, a información non conste de maneira actualizada. Por iso a continuación segue un cadro que, a modo orientativo, indica que información ou datos poderían estar inscritos e cales non, coa finalidade de que as empresas saiban:

-Que datos deberán ser achegados mediante o formulario normalizado DEUC en todo caso, por non obrar en poder do ROLECE ou RXCG.

-Que datos son susceptibles de estar inscritos no ROLECE ou RXCG e, por tanto, poderían deixarse sen cumprimentar no formulario.

Correspóndelle á empresa comprobar se no seu caso concreto eses datos ou informacións efectivamente están inscritos nos rexistros, e se o están, deberá asegurarse de que constan no mesmo de maneira actualizada.

### Parte II. Información sobre o operador económico

Sección	¿É un dato/información susceptible de estar inscrito no ROLECE ou RXCG?
Sección A	
Identificación.	Os datos incluídos neste apartado deben ser cumprimentados pola empresa. Como número de IVE deberase recoller o NIF cando se trata de cidadáns ou empresas españois, o NIE cando se trata de cidadáns residentes en España, e o VIES ou DUNS cando se trata de empresas estranxeiras.
Información xeral:	
Se fora o caso ¿figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación)? En caso afirmativo: -Rexistro no que está inscrito e nº de inscrición	Si ( ) Non ( ) Non Procede ( )  ( ) ROLECESP ( ) Rexistro Xeral de contratistas da C.A. de Galicia  ( ) ROLECESP: <a href="https://registrodelicitadores.gob.es">https://registrodelicitadores.gob.es</a> , Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado (Como número de inscrición o certificación basta con consignar el propio NIF, NIE, VIES o DUNS de la empresa.) ( ) Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ <a href="http://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/patrimonio/registro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos">http://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/patrimonio/registro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos</a> Xunta consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia
Certificación en formato electrónico	NON CUBRIR SI ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS RE-

<p>Indicar grupo, subgrupo e categoría da clasificación do contratista</p> <p>Coa clasificación se cumpren todos os criterios de selección? En caso negativo cumprimente a parte IV deste formulario (seccións A,B,C ou D, segundo proceda.</p> <p>Poderá a empresa presentar un certificado respecto ao cumprimento coas obrigas coa Seguridade Social e impostos que permita ao poder adjudicador obterlo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera estado que poida consultarse gratuitamente?</p> <p>Dispoñible en formato electrónico</p>	<p>XISTROS</p> <p>Si ( ) Non ( )</p> <p>Si ( ) Non ( )</p> <p>Poñer enderezo da páxina web, autoridade ou organismo expedidor e referencia exacta da documentación ( ) Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: <a href="http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos">http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos</a> Xunta consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia</p>
<p>Forma de participación.</p>	
<p>Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?</p>	<p>Si ( ) Non ( )</p>
<p>En caso afirmativo</p> <p>b) Identifíquese aos demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente.</p>	<p>Identificar con NIF, NIE, VIES o DUNS de la empresa,. No caso de estar en algún de los rexistros de licitadores, indicar: ( ) ROLECESP: <a href="https://registrodelicitadores.gob.es">https://registrodelicitadores.gob.es</a>, Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado (Como número de inscrición o certificación basta con consignar el propio NIF, NIE, VIES o DUNS de la empresa.) ( ) Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ <a href="http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos">http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos</a> Xunta consultiva de contratación administrativa</p>

	dá Comunidade Autónoma de Galicia
--	-----------------------------------

Na Parte II, no apartado B, denominado *Información sobre os representantes do operador económico*, a sección dedicada á Representación non é necesario que sexa cumprimentada se o licitador está no Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sección B	
<b>Representación</b> Nome e apelidos: Cargo: Enderezo Postal: Teléfono: Correo electrónico: Información sobre representación (forma, alcance, finalidade,...)	NON CUBRIR SI ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REGISTROS

### Parte III.

Relativa aos motivos de exclusión.

Dado que o formulario normalizado do DEUC non recolle referencia algunha á nosa lexislación, para facilitar a adecuada cumprimentación por parte das empresas desta Parte do formulario a continuación segue unha táboa de equivalencias entre cada unha das preguntas que deben responder as empresas, os artigos da DN e, por último os artigos do noso TRLCSP que deron transposición ao artigo 57 DN.

Nótese que España transpuso a regulación das prohibicións de contratar que establece a DN mediante a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que modifica a regulación desta materia no TRLCSP, concretamente dando nova redacción aos artigos 60 e 61 e creando «ex novo» o artigo 61 bis, polo que con carácter xeral nesta materia non procede falar de efecto directo senón de mera aplicación de normas nacionais.

Dado que non todas as prohibicións para contratar están inscritas no \*ROLECE e/ou RXCG, as empresas deberán responder a todas as preguntas que se formulan nesta parte III do formulario normalizado do DEUC.

Táboa de equivalencias relativa á parte III do DEUC

Parte III, n.º de Sección	DN	TRLCSP
Sección A	Artigo 57.1.	Artigo 60.1.a) (excepto os delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade Social relativos ao pago de tributos e cotizacións á Seguridade Social).
Sección B	Artigo 57.2.	Artigo 60.1: Letra a) (cando se trate de delitos contra a Facenda Pública ou contra a Seguridade Social, relativos ao pago de tributos e cotizacións á Seguridade Social). Letra d), primeiro parágrafo, primeiro inciso. Letra f) (cando se trate de sancións administrativas firmes impostas con arranxo á Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria).
Sección C:		

Primeira pregunta	Artigo 57.4.a).	Artigo 60.1.b) (cando non sexa infracción moi grave en materia profesional ou en materia de falseamento da competencia); Artigo 60.1.d) primeiro parágrafo, segundo inciso (no relativo ao incumprimento do requisito do 2 por 100 de empregados con discapacidade.).
Segunda pregunta	Artigo 57.4.b).	Artigo 60.1.c).
Terceira pregunta	Artigo 57.4.c).	Artigo 60.1.b) (infracción moi grave en materia profesional).
Cuarta pregunta	Artigo 57.4.d).	Artigo 60.1.b) (infracción moi grave en materia de falseamento da competencia).
Quinta pregunta	Artigo 57.4, letra e).	Artigo 60.1.g) e h).
Sexta pregunta	Artigo 57.4, letra f).	Artigo 56.
Sétima pregunta	Artigo 57.4.g).	Artigo 60.2, letras c) e d).
Oitava pregunta:		
Letras a), b) e c)	Artigo 57.4.h).	Artigo 60.1, letra e) e 60.2, letras a) e b).
Letra d)	Artigo 57.4.i).	Artigo 60.1.e).
<b>Seccion D</b>	-----	Artigo 60.1.f) (cando se trate de sanción administrativa firme de acordo co previsto na lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións)

**D: Outros motivos de exclusión que poden estar previstos na lexislación nacional do estado membro do poder adxudicador**

Declaróuselle a prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme de acordo co previsto na lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións? Se é afirmativo, especifíquese	Si ( ) Non ( ) .....
	Se é afirmativo, Adoptou medidas autocorrectoras? Si ( ) Non ( ) Describir as medidas: .....

**Parte IV.**

Relativa aos criterios de selección.

Convén destacar, respecto da Parte IV, que os poderes e entidades adxudicadores poderán limitar a información requirida sobre os criterios de selección a unha soa pregunta, a saber, se os operadores económicos cumpren ou non todos os criterios de selección necesarios. Nese caso bastará responder SI ou NON no apartado titulado “*Indicación global relativa a todos os criterios de selección*” quedando excluída a cumprimentación dous apartados seguintes:

- A: Idoneidade
- B: Solvencia económica e financeira
- C: Capacidade técnica e profesional



D: Sistemas de aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental

Do mesmo xeito que na parte II, aquelas empresas que figuren inscritas nun Rexistro de Licitadores só deberán facilitar nesta parte IV do formulario aquela información que non figure inscrita ou que, aínda estando inscrita, a mesma non conste de maneira actualizada. Neste apartado novamente indícase, a modo orientativo respecto do ROLECE e do RXCG, que información ou datos poderían estar inscritos e cales non.

**Parte IV. Criterios de selección**

Sección	¿É un dato/información susceptible de estar inscrito no ROLECE?
A [«Indicación (...)»].	
A («Idoneidade»).	
Figura inscrito nun Rexistro profesional ou mercantil no seu estado membro de establecemento?	Non está no ROLECE, se o empresario está inscrito nun rexistro profesional. Si podería estar no ROLECE, se o empresario está inscrito nun rexistro mercantil, de cooperativas, de fundacións ou de asociacións.
Cando se trate de contratos de servizos, é preciso dispoñer dunha autorización específica ou estar afiliado a una determinada organización para poder prestar o servizo de que se trate no país de establecemento do operador económico?	Si podería estar no ROLECE cando con arranxo á lexislación nacional requírese unha autorización, colexiación ou similar para prestar o servizo de que se trate.
B (Solvencia)	
O seu volume de negocios anual (xeral), durante o nº de exercicios esixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Si podería estar no ROLECE.
O seu volume de negocios anual (medio), durante o nº de exercicios esixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Non está no ROLECE, pero o volume de negocios anual medio en calquera período é calculable a partir dos datos do volume anual de negocios durante os exercicios correspondentes (datos inscribibles, indicados na pregunta anterior)
Si non se dispón da información sobre o volume de negocios (xeral ou específico) en relación con todo o período considerado, indíquese a data de creación da empresa ou de inicio das actividades do operador económico	Si podería estar no ROLECE.
En relación coas ratios financeiras que se especifican no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación, o operador económico declara que o valor real das ratios requiridas é o seguinte...	Non está no ROLECE, pero todas as ratios financeiras son calculables a partir dos datos financeiros das contas anuais (datos que si son inscribibles).
O importe asegurado no seguro de indemnización por riscos profesionais é o seguinte...	Si podería estar no*ROLECE.

**Parte V.**

Relativa aos criterios para reducir o número de candidatos aos que se convidará a presentar oferta.

O empresario deberá cumprimentar esta parte unicamente cando se trate de procedementos restrinxidos, negociados con publicidade e de diálogo competitivo.

#### **Parte VI.**

Relativa ás declaracións finais.

Esta parte debe ser cumprimentada e asinada pola empresa interesada en todo caso.

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN SUXEITA A REGULACIÓN HARMONIZADA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DA SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE ALMACENAMENTO EN REDE, COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 (EXPEDIENTE 1/2017)**

---

<b>PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS</b> .....	<b>1</b>
<b>1.- INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>2</b>
1.1.- OBXECTO DO CONTRATO .....	2
1.2.- ALCANCE DO CONTRATO .....	3
1.3.- PRAZO DE EXECUCIÓN.....	3
<b>2.- DESCRIPCIÓN DA SOLUCIÓN</b> .....	<b>3</b>
2.1.- REQUISITOS MÍNIMOS.....	3
Requisitos Globais .....	3
Requisitos de Capacidade.....	3
Requisitos de Funcionalidade.....	4
Requisitos de Rendemento .....	4
Requisitos RAS .....	5
Requisitos de conectividade.....	5
Requisitos de xestión.....	6
Requisitos de documentación.....	7
Requisitos de Instalación.....	7
Requisitos de Formación .....	7
<b>3.- INSTALACIÓN DOS EQUIPOS</b> .....	<b>7</b>
3.1.- PLANIFICACIÓN E DESEÑO DO PROXECTO .....	7
3.2.- INSTALACIÓN E DESPREGUE.....	8
3.3.- GARANTÍA .....	9
<b>4.- CONDICIÓN DE ACEPTACIÓN</b> .....	<b>10</b>
<b>5.- CADRO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS</b> .....	<b>11</b>
<b>APÉNDICE 1: DESCRIPCIÓN DA CONTORNA NA QUE SE INTEGRARÁ A SOLUCIÓN</b> .....	<b>12</b>
<b>APÉNDICE 2</b> .....	<b>16</b>

## 1.- INTRODUCCIÓN

### 1.1.- Obxecto do Contrato

O obxecto deste contrato é o subministro e instalación dunha infraestrutura de almacenamento en rede de tipo NAS (Network Attached Storage), que permita actualizar tecnoloxicamente o actual sistema instalado no CESGA. CESGA conta na actualidade con diferentes sistemas de computación que incorporan algún sistemas de almacenamento con diferentes tecnoloxías. Entre estes últimos, atópase un sistema de almacenamento de tipo NAS, modelo EMC VNX5700 que proporciona almacenamento compartido ao resto de sistemas, e que tras o incremento do número de clientes e servidores computacionais no CESGA (entre os que cabe destacar o supercomputador Finis Terrae II), e ante as necesidades dos novos proxectos que está a acometer o CESGA, é necesario complementar ou substituír.

O obxecto do contrato é a adquisición de todo o equipamento hardware e software necesario para proporcionar unha capacidade neta mínima de 1 Petabyte (1 PB) que poida ser compartido polos diferentes sistemas computacionais do CESGA. Esta nova infraestrutura deberá proporcionar almacenamento aos seguintes sistemas diferenciados:

- Cálculo de altas prestacións Finis Terrae II
- Cálculo de alta produtividade SVG
- Clúster Bigdata
- Clúster Industrial
- Visualización científica remota
- Servidores de proxectos e máquinas virtuais
- Ofimática do centro.

Cada un destes sistemas ten diferentes necesidades en canto á capacidade, rendemento e dispoñibilidade. No apéndice 1 deste prego, menciónanse algunhas das características máis relevantes destes sistemas. Estas características foron agrupadas en dúas zonas, que denominaremos **ZONA CAPACIDADE** e **ZONA RENDEMENTO**.

Aínda que a nivel de arquitectura se admiten solucións heteroxéneas que se poidan adaptar mellor ás necesidades específicas destas zonas ou dos diferentes usos, requírese unha solución homoxénea desde o punto de vista de xestión, de maneira que se poidan proporcionar todos os servizos dende unha única contorna. Isto aplícase tanto á configuración inicial como ás potenciais ampliacións na vida do equipo entendéndose un factor de crecemento mínimo ao dobre de capacidade.

## 1.2.- Alcance do Contrato

- Adecuación da sala do CESGA para aloxar o novo equipo.
- Subministro e instalación de sistema de almacenamento en rede, así como das ferramentas necesarias para a súa correcta monitorización e xestión.
- Formación ao persoal do CESGA sobre o uso do novo equipamento.
- Garantía de funcionamento.
- Entrega de documentación sobre o novo sistema.
- Integración na contorna operativa do CESGA.
- Outras melloras se as houbese.

## 1.3.- Prazo de Execución

O prazo máximo de execución total deste contrato, sen incluír o período de garantía, será de 45 días naturais para a entrega do equipamento, contados a partir da sinatura do contrato, e 45 días naturais adicionais para as probas de aceptación.

## 2.- DESCRICIÓN DA SOLUCIÓN

### 2.1.- Requisitos mínimos

Adquirirase un sistema de almacenamento de tipo NAS, que inclúa un conxunto de elementos de maneira que se cumpran os seguintes requisitos, agrupados por tipo:

#### *Requisitos Globais*

- Arquitectura sólida que permita contornas complexas de gran volume, flexibles e redundantes.
- A solución debe ser escalable e flexible, non pechada
  - Permita escalar en rendemento incorporando servidores de protocolo adicionais ou servidores de disco
  - Permita escalar en capacidade incorporando servidores de disco adicionais, novos tiers de almacenamento, etc
- Non debe ser necesaria unha licenza no cliente. Naqueles casos nos que a solución dispoña de protocolos específicos que poidan mellorar o rendemento, estes poderán ser valorados como complementarios na medida en que os clientes non necesiten licenza ou en caso de necesitarse, estas sexan incluídas na oferta.
- Non serán tidas en conta aquelas características ou funcionalidades cuxa licenza de utilización durante a vida do equipo estimada en 7 anos non estea incluída na oferta.
- As reconstrucións dos discos débense realizar coa mínima caída de rendemento.

#### *Requisitos de Capacidade*

- A capacidade mínima neta dispoñible en configuración redundante por hardware do sistema de discos debe ser de polo menos 1 Petabyte (PB).

- A capacidade mínima da **zona de rendemento** é de 200 TB netos
- A capacidade mínima da **zona de capacidade** é de 800 TB netos
- A solución debe ser ampliable polo menos ata os 2 PB netos nunha contorna de xestión única engadindo compoñentes adicionais sen substituír os discos existentes.
- As capacidades anteriores deberán conseguirse en configuración que cumpran co resto de requirimentos deste prego, sen punto único de fallo.
- A **zona de rendemento** debe dispor de polo menos 10 TB proporcionados mediante tecnoloxía flash SSD de alta velocidade e larga duración.

#### *Requisitos de Funcionalidade*

- Soporte de protocolos NFS v3 e v4, CIFS(SMB)
- Soporte de discos SSD/FLASH e discos magnéticos de tecnoloxía SAS , NL-SAS ou SATA.
- Integración LDAP.
- Capacidade de usar disco SSD para cache ou para algún mecanismo de tiering
- Posibilidade de realizar un mínimo de 16 snapshots por filesystem e de recuperar snapshots de maneira instantánea.
- O sistema incorporará un sistema de balanceo de carga que permita a distribución uniforme das conexións desde os diferentes clientes aos diferentes controladores.
- Todos os datos débense distribuír de maneira uniforme por todos os discos ou elementos de almacenamento de xeito automática e online, para garantir un bo rendemento.
- Débense poder medrar os filesystems en quente.
- Soporte de sistemas de arquivos (filesystems) de polo menos 16 TB

#### *Requisitos de Rendemento*

- Rendemento mínimo sostido e demostrable mediante IOZONE de polo menos 4 GByte/s desde os nodos de cálculo en lectura e escritura usando protocolo NFS accedendo á **zona de rendemento**.
- Rendemento de 50.000 NFS IOPs en lectura e escritura na **zona de rendemento**.
- Rendemento mínimo sostido e demostrable mediante IOZONE de polo menos 1 GByte/s desde os nodos de cálculo en lectura e escritura usando protocolo NFS accedendo á **zona de capacidade**.
- Rendemento de 10.000 NFS IOPs en lectura e escritura na **zona de capacidade**.
- Non e necesario que os requisitos anteriores de rendemento se den accedendo simultaneamente as zonas de rendemento e capacidade.

### Requisitos RAS

- O sistema debe ser tolerante a fallos, e polo tanto soportar o fallo de calquera compoñente e seguir ofrecendo a mesma capacidade de almacenamento e de rendemento. É dicir, non debe ter ningún punto único de fallo (SPOF).
- No caso de aquelas pezas cuxa substitución do servizo poida levar un período de tempo durante o cal poida fallar outra peza similar, deberá presentar os mecanismos que impidan a perda do servizo ou de información por este motivo (sistemas de replicación, etc...)
- Todos os compoñentes críticos deben poder ser reemplazados en quente
- As actualizacións de software e firmware deberán poder realizarse en quente, sen necesidade de parar o servizo

### Requisitos de conectividade

- O sistema deberá conectarse á rede 10 GbE do CESGA mediante un mínimo de 8 portos de 10G.
- O sistema poderá conectarse adicionalmente a outras redes do Cesga no caso de que se mellore a velocidade de acceso para algún dos servidores do CESGA. En particular é admisible a conexión ao sistema á rede Infiniband FDR para mellorar a conexión dos nodos do supercomputador Finis Terrae II. A rede Infiniband do CESGA está construída mediante un conxunto de conmutadores Mellanox, modelos SX6036 e SX6025 en disposición FAT tree, e na que existe un mínimo de 32 portos dispoñibles que poderían chegar a ser usados polo equipo obxecto deste expediente de contratación se con iso se conseguen melloras de rendemento apreciables no sistema.
- A conectividade ethernet da solución debe de dotarse con suficientes interfaces de acceso para proporcionar capacidade igual ou superior ao throughput inicial especificado na solución ofertada.
- A solución ofertada deberá conectarse ao equipamento de conmutación 10 GbE de nivel core dispoñible no CESGA para este propósito. Dito equipamento está constituído por dous conmutadores Juniper EX4500 configurados en chasis virtual. Os transceivers necesarios para ditos equipos son de tipo 10G-SR con conector LCPC e deberán ser incluídos na oferta. O número máximo de portos utilizables para esta conexión é de 16. Estas conexións poderán ser usadas unicamente para permitir o acceso desde os diferentes clientes e non para resolver as necesidades de comunicación interiores ao sistema de almacenamento.

No caso de que o throughput máximo proporcionado pola solución de almacenamento sexa superior ao mínimo esixido, este será valorado na medida que a conectividade incluída na oferta permita extraer dito ancho de banda de modo agregado desde os sistemas existentes no CESGA.

- Deberá realizarse a conexión de maneira que a solución non dispoña de puntos únicos de fallo e proporcionando todos os elementos necesarios

para realizar a conexión ethernet á rede do CESGA incluíndo todos os cables, fibras, licenzas, transceivers etc. Especificamente deberán incluírse adicionalmente os transceivers necesarios nos equipos de CESGA.

- No caso de incluír na solución conmutadores de rede Ethernet de propósito xeral, estes aloxaranse nos racks propios da solución quedando todo o cableado disposto internamente aos mesmos salvo aqueles destinados a proporcionar servizos de acceso.

No caso de que a solución inclúa conmutadores de rede, ditos conmutadores cumprirán as características básicas e configuración necesarias dos equipos de conmutación de CESGA:

- Os conmutadores soportarán opción de chasis virtual ou agregado multi-chasis de maneira que poidan conectarse os nodos en modo 802.3ad a conmutadores separados.
- A conmutación debe realizarse mediante circuítos integrados especializados.
- Paso de VLANs 802.1Q
- Agregación de enlaces 802.3ad.
- Control de fluxo e dúplex segundo protocolo 802.1x
- Rapid Spanning Tree Protocol (802.1w) incluíndo mecanismos de protección BPDU guard e root protect/guard
- Soporte de multicast para IPv6 e IPv4
- Soporte NTP
- Xestión remota mediante SSH2/Telnet/SNMP v2c e v3
- Interface de xestión fóra de banda mediante interface de consola.

#### *Requisitos de xestión*

- O sistema disporá de mecanismos de administración remota via ssh e/ou telnet e http
- Deberá incluírse unha ferramenta centralizada e integrada que permita a xestión do sistema de almacenamento, incluíndo a monitorización hardware e software do sistema, a detección de fallos, a configuración, o rendemento agregado de ancho de banda cos nodos de computación e individual con cada un dos nodos de computación en cada momento.
- Deberá soportar cuotas por usuario e por grupo.
- Soporte ACLs a nivel de directorio
- O sistema debe estar configurado para permitir acceso mediante unha rede independente que permita acceder ás facilidades de xestión do equipamento soportado sobre unha rede de tipo fast Ethernet ou superior.



#### *Requisitos de documentación*

- Débese incluír un diagrama no que aparezan detallados os diferentes elementos que conforman a solución, incluíndo as conexión entre eles e a súa conexión á rede ou redes do CESGA. No diagrama deben figurar como mínimo os diferentes nodos, controladores, switches e bandexas de discos, así como os buses que as interconectan.

#### *Requisitos de Instalación*

- O sistema debe incluír o armario ou armarios independentes destinados a aloxar os equipos na sala de CPD do edificio do CESGA.
- A instalación e configuración debe seguir as guías de instalación, configuración, cableado e etiquetado que sexan de aplicación no CESGA segundo o equipamento subministrado.
- Deberá conectarse ao sistema eléctrico do CESGA, mediante polo menos dúas tomas CETAC trifásicas con conector 32A 3P+N+T, IP44.

#### *Requisitos de Formación*

- A proposta debe incluír al menos dous cursos de formación:
  - Un relacionado co funcionamento do equipamento e configuración, que inclúa información técnica detallada do equipo a nivel hardware e software, de al menos 8 horas.
  - Outro relacionado coa operación, mantemento e resolución de problemas hardware e software, al menos 8 horas de duración.

### **3.- INSTALACIÓN DOS EQUIPOS**

A proposta terá que incluír o plan de instalación que permita completar as actividades necesarias para garantir o éxito da implantación do equipamento solicitado, que inclúe:

- Planificación e deseño do proxecto.
- Instalación e configuración do hardware, e no seu caso software.
- Garantía.

#### **3.1.- Planificación e deseño do proxecto**

O plan de implantación da solución incluír as actuacións necesarias para garantir o éxito do proxecto. Especificaranse, entre outras, as actuacións destinadas á

adecuación do CPD, a planificación da instalación dos equipos, as probas que se realizarán, así como os documentos que se entregarán ao CESGA.

Nesta planificación, tamén se especificará o persoal que levará a cabo as diferentes actuacións.

Unha vez adxudicado o contrato, este plan será revisado conxuntamente entre o adxudicatario e os técnicos do CESGA, para actualizalo e compatibilizalo coa operativa do CESGA.

Na execución deste contrato, distínguense as seguintes etapas:

- Revisión do plan de proxecto e elaboración de plan definitivo
- Subministro e instalación do sistema, documentación e formación.
- Probas de aceptación
- Integración do sistema na contorna operativa do CESGA e posta en produción
- Comezo do período de garantía

### 3.2.- Instalación e despregue

Os equipos a subministrar deben integrarse na sala de computación do edificio do CESGA, debendo encargarse o adxudicatario de montar todos os equipos nos armarios, así como da interconexión entre todos os elementos subministrados, incluíndo a conexión á rede de datos e á rede eléctrica. Para isto, o adxudicatario debe subministrar os armarios, regletas, latiguillos de rede, elementos de parcheo, adaptadores, alargadeiras e todos os elementos necesarios para a súa correcta instalación, e realizar as modificacións nos cadros eléctricos que fosen necesarias.

É responsabilidade do adxudicatario garantir que os armarios cos seus correspondentes servidores e equipamento adicional son axeitados para operar dentro da sala de ordenadores (CPD) do CESGA, en canto a termos de refrixeración (a través de aire), alimentación eléctrica, carga máxima do chan técnico, altura de armarios, etc.

Todos os elementos subministrados do mesmo xeito (nodos, tarxetas, conmutadores, etc.) deben incorporar as mesmas versións de firmware, que deberán ser as últimas recomendadas polo fabricante.

Do mesmo xeito, o adxudicatario deberá encargarse de retirar todas as embalaxes e restos de material das instalacións do CESGA.

O adxudicatario deberá realizar unha verificación in situ do correcto funcionamento de todo o hardware instalado a través da execución dun chequeo básico por software.

O adxudicatario debe configurar os equipos que subministre para garantir un acceso básico axeitado desde todos os nodos da rede de comunicacións do CESGA, de acordo cos técnico do CESGA.

### 3.3.- Garantía

O equipamento solicitado estará en funcionamento 24 horas ao día os 365 días do ano. As condicións serán as seguintes durante o período de garantía:

- Cobertura horaria 24x7 (24 horas ao día todos os días).
- Punto único de contacto para o soporte de calquera incidente hardware e software relacionado con este subministro.
- Soporte telefónico para incidentes e consultas con resposta inmediata.
- Mantemento e actualización aos últimos niveis de microcódigos, avances de enxeñaría, firmware, drivers, que se realizarán de acordo á planificación establecida conxuntamente co persoal técnico do CESGA.
- Na garantía terán que estar incluídas as pezas, man de obra e desprazamentos do persoal técnico.

Enténdese por **incidentes críticos** aqueles que representen a perda de máis do 20% da capacidade do sistema de almacenamento.

- O tempo de resposta desde a recepción do aviso do incidente e a presenza efectiva do técnico nas instalacións do CESGA para incidentes críticos será como máximo 8 horas. O tempo de resposta desde a recepción do aviso do incidente e a presenza efectiva dun técnico nas instalacións do CESGA para incidentes non críticos, será como máximo de 1 día laborable seguinte á recepción do incidente.
- Será admisible a inclusión de pezas de reposto no edificio do CESGA de xeito que se poidan minimizar os tempos de resolución das avarías máis comúns, e se reduza o impacto na instalación. Tamén será posible usar este mecanismo para axudar a garantir os tempos de resposta requiridos no prego. Para elo, o CESGA habilitará un espazo no seu edificio que poderá ser usado polo adxudicatario para este fin.
- Admítase a inclusión de pezas de reposto in situ de xeito que se poidan minimizar os tempos de resolución das avarías máis comúns, de modo que se reduza o impacto na instalación.
- Non se considera necesaria a presenza dun técnico in situ cando pola natureza da avaría, esta poida ser resolta polos técnicos do CESGA, ben pola existencia de repostos no CESGA ou ben porque o provedor envía a peza con anterioridade. Considéranse avarías resolubles por técnicos do CESGA aquelas que impliquen a substitución de elementos completos que non requiran manipulación no seu interior, como cambio de nodos completos, cambio de discos ou bandexas enteiras, etc.
- Todas as avarías que non fosen resoltas dentro do día seguinte laborable contado desde a apertura do incidente requiren presenza in situ dun técnico.
- Na garantía terán que estar incluídas as pezas, man de obra e desprazamentos do persoal técnico.

Durante o período de garantía, o adxudicatario deberá proporcionar un informe con periodicidade trimestral e en formato dixital coas incidencias reportadas e os tempos de resolución das mesmas. Este informe deberá conter, polo menos, a seguinte información:

- Identificador do incidente.
- Severidade.
- Marca e modelo do equipo avariado.
- Nº de serie do equipo avariado.
- Marca e modelo do equipo de reposto e nº de serie do equipo de reposto.
- Día e hora de resolución da avaría.
- Tempo de resposta.
- Tempo de resolución.

En caso de que o nivel de dispoñibilidade do equipo sexa inferior ao 98% (exceptuando causas non imputables ao adxudicatario) en cada período mensual, o adxudicatario deberá proporcionar un plan detallado de avance orientado á resolución dos problemas que estean ocasionando a degradación no servizo e a recuperación do nivel de dispoñibilidade.

O licitador deberá describir os tipos de mantemento dispoñibles e as condicións de contratación de cada un deles unha vez rematado o período de garantía. Deberá especificar a política do licitador en canto a avarías e reparacións, a xornada laboral para a resolución de incidentes e o tempo previsto de resposta e resolución.

Todos os custos derivados do mantemento durante o período de garantía, deberán estar incluídos no prezo da oferta.

#### **4.- CONDICIÓN DE ACEPTACIÓN**

Descríbense a continuación as probas que serán usadas para dar como aceptado o requirido neste expediente de contratación. Deberán completarse de xeito satisfactorio nun tempo máximo de 30 días, a contar a partir da posta a disposición do CESGA dos equipos. As probas verificarán o cumprimento das funcionalidades requiridas polo CESGA no presente prego e das melloras ofertadas polo adxudicatario. Distínguense as seguintes probas:

- **Probas de funcionalidade:** Realizaranse durante un período de 48 horas e deberán completarse de xeito satisfactorio nun tempo máximo de 14 días, a contar a partir da posta a disposición do CESGA dos equipos. As probas verificarán o cumprimento das funcionalidades requiridas polo CESGA no presente prego e das melloras ofertadas polo adxudicatario
- **Probas de rendemento:** Realizaranse durante un período de 48 horas e deberán completarse de xeito satisfactorio nun tempo máximo de 14 días, que

poderá ir en paralelo co anterior. Neste tempo, o adxudicatario deberá demostrar os rendementos de ancho de banda agregado e número de operación por segundo que teña comprometido na súa oferta. O conxunto de probas tamén incluírán a medición da potencia eléctrica usada polos sistemas.

- **Probas de estabilidade:** Realizaráse unha proba de 15 días que haberá de completarse posteriormente ao cumprimento satisfactorio das probas de funcionalidade e rendimento. Durante este período verificaráse a estabilidade dos sistemas, considerando a proba como satisfactoria cando se cumpran todas as condicións seguintes:
  1. A dispoñibilidade do sistema debe ser superior ao 99.5 % durante o período.
  2. O tempo medio entre fallos que provoquen perdas parciais de nivel de servizo é como mínimo de 96 horas.

#### **5.- CADRO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS**

Para favorecer a interpretación correcta das diferentes propostas presentadas, preparárouse un cadro técnico que debe ser cuberto cos datos correspondentes aos diferentes elementos que compoñen a oferta. Este cadro inclúese no Apendice 2 adxunto "Cuadro\_Caracteristicas\_Tecnicas\_Sistema\_Almacenamiento". Tal e como se reflicte no prego de condicións administrativas, a non inclusión deste documento debidamente cumprimentado determinará a non admisión da oferta correspondente. Os datos omitidos polo licitador no cuestionario, determinarán que a mesa de contratación asigne unha puntuación de 0 nos criterios relacionados.

## APÉNDICE 1: DESCRICIÓN DA CONTORNA NA QUE SE INTEGRARÁ A SOLUCIÓN

A continuación descríbense de maneira resumida as características dos sistemas máis relevantes que farán uso da nova infraestrutura (as características máis relevantes dos nodos que conforman cada un dos sistemas e as súas conectividades asociadas poden verse na táboa correspondente).

- 1) Cálculo de altas prestacións Finis Terrae II: Sistema de supercomputación constituído por un clúster de 317 nodos computacionais. Cada nodo está conectado mediante rede infiniband FDR e rede Ethernet de 1 GbE. O sistema inclúe un sistema de almacenamento baseado en lustre de 768 TB.

<b>FinisTerrae II</b>					<b>2015</b>	<b>328 TFLOPS 7712 cores 44,8 TB RAM 1,5 PB Disk</b>
<b>Nodes</b>	306	4	2	1	4	
<b>Cores/node</b>	24	24	24	128	24	
<b>Proc/node</b>	2 Xeon E5-2680v3	2 Xeon E5-2680v3	2 Xeon E5-2680v3	8 Xeon E7-8867v3	2 Xeon E5-2680v3	
<b>Accel/node</b>	-	2 NVIDIA Tesla k80	2 Xeon Phi 7120P	-	-	
<b>RAM/node</b>	128GB	128GB	128GB	4096GB	128GB	
<b>Network</b>	InfiniBand FDR GbE	InfiniBand FDR GbE	InfiniBand FDR GbE	InfiniBand FDR	InfiniBand FDR 10GbE	
<b>Storage/node</b>	1TB	1TB	1TB	28,8TB	2TB	
<b>Shared storage</b>	Lustre 768TB EMC <sup>2</sup> 120TB	Lustre 768TB EMC <sup>2</sup> 120TB	Lustre 768TB EMC <sup>2</sup> 120TB	Lustre 768TB EMC <sup>2</sup> 120TB	Lustre 768TB EMC <sup>2</sup> 120TB	

- 2) Cálculo de alta produtividade SVG con diferentes tipos de procesadores e un único punto de acceso.

## SVG

**2224 cores**  
**4736 GB RAM**  
**95 TB Disk**

<b>Nodes</b>	18	10	8	2	46	4
<b>Cores/node</b>	24	40	16	32	24	24
<b>Proc/node</b>	2Xeon E5-2680v3	Xeon E5-1240	2Xeon E5-2670v2	4Xeon E5-4620	2AMD 6174	2AMD 6174
<b>RAM/node</b>	64GB	32GB	64GB	512GB	32GB	64GB
<b>Network</b>	InfiniBand FDR 1020Gbps GbE	GbE	GbE	GbE	GbE	GbE
<b>Storage/node</b>	2TB	2TB	2TB	6TB	500GB	2TB
<b>Shared storage</b>	EMC <sup>2</sup> 120TB	EMC <sup>2</sup> 120TB	EMC <sup>2</sup> 120TB	EMC <sup>2</sup> 120TB	EMC <sup>2</sup> 120TB	EMC <sup>2</sup> 120TB

- 3) Clúster Bigdata formado por 38 servidores, 456 cores, 2.6TB de memoria principal e 831TB de almacenamento en disco, con conectividade de 10GbE en cada nodo, e orientado á súa utilización para resolver problemas utilizando tecnoloxías BigData

## SVG Big Data

2015

<b>Nodes</b>	34	4
<b>Cores/node</b>	12	12
<b>Proc/node</b>	2 Xeon E5- 2680v3	2 Xeon E5-2680v3
<b>RAM/node</b>	64GB	64GB
<b>Network</b>	10GbE	10GbE
<b>Storage/node</b>	24TB	3,8TB
<b>Shared storage</b>	EMC <sup>2</sup> 120TB	EMC <sup>2</sup> 120TB

**456 cores**  
**2688 GB RAM**  
**831,3 TB Disk**

- 4) Visualización científica remota, composto por un clúster de 4 servidores con tarxeta gráfica aceleradora NVIDIA Grid K2, 1TB de memoria principal (256GB por servidor) e 7.2TB de espazo en disco con conectividade Infiniband FDR e 10GbE

# Visualization

2015

Nodes	4
Cores/node	20
Proc/node	2 Xeon E5-2650v3
Accel/node	NVIDIA / Grid K2
RAM/node	256GB
Network	InfiniBand FDR @56Gbps/ 10GbE
Storage/node	1,8TB
Shared storage	EMC <sup>2</sup> 120TB

**80 cores**

**1024 GB RAM**

**7,2 TB Disk**

- 5) Servidores de proxectos e máquinas virtuais, baseado en procesadores Intel Haswell 2650v3 e un total de 1440 cores, 4.6TB de memoria principal e 64.8 TB de espazo de almacenamento para os usuarios. Os nodos están interconectados entre si con rede GbE

# SVG Cloud

2015

Nodes	68	4
Cores/node	20	20
Proc/node	2 Xeon E5- 2650v3	2 Xeon E5-2650v3
RAM/node	64GB	64GB
Network	10GbE	10GbE
Storage/node	900GB	3,8TB
Shared storage	EMC <sup>2</sup> 120TB	EMC <sup>2</sup> 120TB

**1440 cores**

**4608 GB RAM**

**64,8 TB Disk**

- 6) Clúster Industrial formado por 12 servidores con tarxeta aceleradora NVIDIA Grid K2 e orientado a aplicacións industriais



# SVG Industry


2015

Nodes	8
Cores/node	20
Proc/node	2 Xeon E5-2650v3
Accel/node	NVIDIA / Grid K2
RAM/node	128GB
Network	GbE
Storage/node	4TB
Shared storage	EMC <sup>2</sup> 120TB

**160 cores**  
**2560 GB RAM**  
**32 TB Disk**

- 7) Ofimática do centro: formado por algo máis de 30 PCs e portátiles con conectividade Ethernet e a maioría deles con sistema operativo Microsoft Windows.

Na seguinte figura pódese ver de maneira esquemática, a interconexión dos diferentes nodos anteriores mediante a rede do CESGA.



## APÉNDICE 2

<b>Cuadro_Características_Técnicas_Sistema_Almacenamiento</b>		
<b>Cada campo cuberto non debe exceder as 50 palabras.</b>		
<b>A información debe ser CORRECTA, CONCISA e CLARA. Por cada característica encher tantos valores coma tipos distintos ofertados</b>	<b>Valor ofertado</b>	<b>Páxina Documentación</b>
Nome do equipo e modelo		
Nome do programa de xestión		
Interfaces de xestión (http, CLI,...)		
Soporte SNMP		
Nome do sistema de ficheiros		
Capacidade máxima por sistema de ficheiros		
Soporte multi-tier		
Número máximo de snapshots soportados		
Número máximo de clones		
Soporte de encriptación		
Soporte de compresión		
Soporte de deduplicación		
Protocolos soportados cara os clientes (NFS, CIFS, FTP,...)		

Soporte iSCSI		
Dimensións (alto x ancho x fondo) cm		
Consumo eléctrico (KVAs, Kwh)		
Máxima disipación de calor (BTU/h)		
Peso (Kg)		
Medidas de mellora da eficiencia enerxética. Medidas software e medidas hardware		
Caixóns de discos		
Número de caixóns de discos		
Discos por caixón		
Tipo de discos soportados		
Tipos de interfaz a disco		
Controladora de discos		
Tipo e modelo da controladora de discos		
Número de controladoras		
Memoria por controladora		
Memoria caché protegida por batería e tamaño		
Niveis de protección RAID soportados ou outros mecanismos de redundancia de datos		
Discos		
Modelo de disco		



Tipo de disco		
Factor de forma		
Número de discos		
Interfaz del disco		
Capacidade bruta do disco		
Velocidade de lectura/escritura secuencial do disco en MB/s		
Rendimiento do disco (IOPS, lecturas e escrituras aleatorias, 4K)		
Consumo do disco (watts)		
MTBF		
Servidores		
Tipo de servidor		
Número de servidores		
Número de núcleos do servidor		
Memoria do servidor		
Conectividad		
Número e tipo de interfaces de red ethernet		
Número e tipo de interfaces de red infiniband		
Elementos de rede ofertados		
Soporte		
Nivel de soporte ofertado		
Soporte en liña		



Formación (horas)		
<b>Parámetros globales</b>		
Capacidad neta disponible (Petabytes) mantenimiento los niveles de redundancia requeridos en pliego		
Ancho de banda agregado máximo en lectura (GB/s) protocolo NFS		
Ancho de banda agregado máximo en escritura (GB/s) protocolo NFS		
Ancho de banda agregado máximo en lectura (GB/s) protocolo nativo (si es el caso)		
Ancho de banda agregado máximo en escritura (GB/s) protocolo nativo (si es el caso)		
Rendimiento del sistema (IOPS NFS, lecturas aleatorias bloques de 4K)		
Rendimiento del sistema (IOPS NFS, escrituras aleatorias bloques de 4K)		